

CÁRTEL DO LEITE. Confírmanse as denuncias de prácticas abusivas ▶ 10

MINISTERIO. Reunímonos co Ministerio para impulsar as reivindicacións do sector do agro ▶ 6



FÁBRICA DE CELUSOSA (ALTRI).
Oposición social á captación de augas da fábrica ALTRI (Greenfiber S.L.) e campaña de alegacións á instalación en Palas de Rei (Lugo) aberta até o día 17 de abril ▶ 12

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXIV - Nº 346 - Febreiro - Marzo 2024



O Sindicato Labrego Galego participou nas mobilizacións e tractoradas na Galiza, en Bruxelas e en Madrid.

LOITA POR UN MEDIO RURAL VIVO



Fotografía conxunta do XVIII Encontro da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego en Chantada.



XVIII Encontro da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego

A fin de semana do 2 e 3 de marzo celebramos en Chantada 20 anos de encontros anuais da Secretaría das Mulleres do SLG (2004-2024) ▶ 15-22

séguenos en

www.sindicatolabrego.gal

e tamén en

[facebook](#)



Prezos xustos e eliminación de burocracia

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación acaba de facer público o anuncio de 43 medidas para o sector agrario e gandeiro, como resposta ás mobilizacións que houbo en todo o Estado, e que supoñen poucas novidades sobre o dito estas semanas. O Ministerio anunciou a publicación de estudos de marxes para as distintas cadeas de alimentos e que reforzará a capacidade inspectora da Axencia de Información e de Control Alimentario, así como a actualización da directiva europea de prácticas comerciais desleais.

A lexislación actual e a súa aplicación amósanse totalmente insuficientes para obrigar a que os prezos permitan rendas axeitadas polo noso traballo, así como incorporar as subas nos insumos que precisamos para producir. Dende o Sindicato Labrego Galego levamos moito tempo defendendo, moitas veces en solitario, a necesidade da negociación colectiva de prezos agrarios e gandeiros, a referenciación dos mesmos a índices obxectivos que nos garantan prezos dignos e mecanismos áxiles para impedir prezos ou condicións abusivas.

A Comisión Europea acordou así mesmo modificar a directiva sobre prácticas comerciais desleais, que debe incluír imperativamente a obriga de que os prezos cubran os custos de produción, incluída unha remuneración digna polo noso traballo, e o anonimato nas denuncias, tal e como estamos a demandar dende a Coordinadora Europea da Vía Campesina, da que forma parte do Sindicato Labrego Galego. O goberno galego ten competencias para publicar estudos solventes de custos das distintas producións que temos na Galiza, sexa leite, carne, uva en cada denominación de orixe, pataca ou calquera outra; e esas referencias poden ser fundamentais para as actuacións que leve adiante a Axencia de Control Alimentario.

Levamos tamén moitos anos oíndo escusas de que non se podía falar de prezos, das ameazas da Comisión Nacional da Competencia, ou de falsas solucións como as Opls, a Conta Láctea, os falsos acordos históricos de prezos no leite ou na carne da Consellaría e do Ministerio, que sempre denunciámos dende o Sindicato Labrego Galego e sobre os cales o tempo nos deu a razón. Tamén se nos di en numerosas ocasións que moitas das esixencias veñen de Europa, como se fosen inamovíbeis, pero estes días vemos que se poden cambiar se hai vontade. O feito de que non sexa obrigatorio o caderno dixital nas explotacións é un paso fundamental, pero precisamos que se dea marcha atrás noutras cargas e esixencias moi negativas como o veterinario de explotación para granxas de 5 vacas ou máis.

Nestas semanas vimos, por exemplo, como dende a administración se esixía rexistrar os galiñeiros caseiros co argumento da loita contra a gripe aviar, ou como se insiste en esixir un veterinario de explotación para granxas de máis de 5 vacas ou cantidades equivalentes doutros animais, co único obxectivo de cubrir papeis, pero que incrementará a carga burocrática das granxas e tamén os gastos, por non falar da dificultade en moitas comarcas ata para acceder a ese persoal.

Na Consellaría o que están a dicir é que esta esixencia non vai ser un problema para as granxas que xa están hoxe en Asociacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG). Fóra de máis carga de papeis e trámites, e máis gastos, claro. E as que non están? Estas medidas van realmente conseguir unha mellor calidade dos nosos alimentos ou garantir un mellor estado sanitario dos nosos animais? Non, pero van servir para xustificarse, nun momento no que, fóra do que están a facer a nivel particular os veterinarios clínicos, con máis vontade ca medios, non hai ningún traballo, por exemplo, por parte das administracións en moitas doenzas con grandes danos como a enfermidade hemorráxica ou outras bacterias que están a orixinar unha mortalidade importante en moitas granxas.

En relación con novas esixencias burocráticas moi custosas e de difícil cumprimento para as pequenas e medianas granxas, que son as que temos maioritariamente na Galiza, nalgunhas limitáanse a prorrogar a súa entrada en vigor, como acontece coa obrigatoriedade de contar con un plan sanitario integral, incluído veterinario de explotación (para o 1 de xuño de 2025), a obriga do plan de fertilización (1 ano máis), o asesor en fertilización, ou a identificación electrónica dos bovinos (para o 30 de xuño de 2025).

Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas defendemos que o obxectivo non é unha prórroga nestas medidas, que non supoñen ningunha mellora para o sector pero si importantes atrancos, non é suficiente con se atrasen 1 ano senón que deben ser eliminadas, a diferenza da Consellaría do Medio Rural, por exemplo, que se conforma con defender a necesidade de conseguir prórrogas en parte destas obrigas.

O pouco peso do goberno galego e en xeral dos gobernos da Cornixa nas negociacións volveu a ser evidente na falta de consideración das necesidades da gandería en pequenas e medianas granxas. Un exemplo témolo nas exencións previstas para as explotacións con superficies de menos de 10 hectáreas, que non terá case repercusión na Galiza. En primeiro lugar, porque a maioría dos proxectos agrícolas galegos (horta, vide...) non acceden ás axudas da PAC, dado que se basean en pagamentos por superficie, e son maiores os custos burocráticos que os importes que percibirían. E, aínda que temos superficies moi pequenas tamén en gandería, o habitual é que a maioría dos perceptores superen esas 10 hectáreas. 10 hectáreas en agricultura non son o mesmo que 10 hectáreas en gandería.

Precísanse medidas de simplificación que apoien á pequena e mediana agricultura e gandería, dado que só a existencia de gran número de persoas labregas vai posibilitar o modelo sostíbel e agroecolóxico que dea resposta a grandes retos actuais como a emerxencia climática, a menor dispoñibilidade de combustíbeis fósiles ou os problemas de contaminación e ambientais asociados ao modelo globalizado e industrial de produción e de distribución de alimentos.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL
COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo
Vera Cruz Montoto Vázquez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓN
Pura Seoane, María Ferreiro, Cynthia Arias Ramil, María Osorio, Belén Fervenza, Santi Rodríguez, Brais Álvarez

PECHE DE EDICIÓN 3-4-2024

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177

AS PONTES 8 de Marzo, s/n - 15320. ☎ 669 651 700

BERGANTIÑOS Bar Arboleda. Coristanco. ☎ 981 682 908

BETANZOS Cruz Verde 7, baixo - 6. ☎ 981 773 377

COMPOSTELA Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 588 532

MELIDE Rúa do Convento s/n. Contactar co ☎ 686 936 429

MOECHE Oficinas do Campo da Feira. ☎ 669 651 700

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 554 147

MUXÍA Sendón. ☎ 981 588 532

ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908

PONTE DA PEDRA Casa Capellán. ☎ 669 651 700

SANTA COMBA Rúa Miraflores, 0, Casa da Cultura.

☎ 981 588 532

TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781

VAL XESTOSO Casabella. ☎ 669 651 700

AS NOGAIS Casa do Concello. ☎ 604 027 886

A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 604 027 886

CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804

LEMON Local da CIG. Monforte. ☎ 982 440 804

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154

MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714

RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira.

☎ 982 512 431

MONTEDERAMO Casa do Concello. ☎ 630 970 131

RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230

XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547

A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232

CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos. ☎ 669 808 418

LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268

O ROSAL Ramón Franco, 13. Edf. Rosales. ☎ 986 625 394

O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia).

☎ 648 263 009

PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6

☎ 986 641 508

TRACTORADAS ▶ Representantes do SLG participaron nas mobilizacións e tractoradas na Galiza, en Madrid e tamén en Bruxelas (a través da Coordinadora Europea Vía Campesina)

Mobilizacións e tractoradas na defensa do agro galego

Entre as demandas: prezos xustos, racionalización da burocracia esixida ás granxas, cumprimento da Lei da Cadea Alimentaria

O 20 de febreiro, o Sindicato Labrego Galego participou, canda outras organizacións agrarias, nas manifestacións e tractoradas en Lugo, Ourense, A Coruña, Compostela, Lalín, Ortigueira, Vimianzo, A Gudiña e Pedrafita. Con estas tractoradas o agro galego demandou ás administracións públicas a nivel galego, estatal e europeo a activación urxente de medidas que garantan prezos xustos polos produtos agrarios, a racionalización das cargas burocráticas ás explotacións, a paralización dos tratados de libre comercio, a potenciación dos circuitos curtos de comercialización e o cumprimento da Lei da Cadea, entre outras accións.



Mobilizacións na Galiza: arriba Lugo (á esquerda) e Ourense (á dereita). Abaixo: A Coruña (á esquerda) e Pedrafita (á dereita).

En todos os puntos de mobilización procedeuse á lectura

dun manifesto final e fíxose entrega ás administracións públi-

cas da táboa reivindicativa que mostramos a seguir:

Táboa reivindicativa

- 1- Prezos xustos para os nosos produtos.** Eliminación da especulación, e creación de índices de referencia dos custos de produción nos diferentes sectores, incluíndo unha remuneración digna do traballo das produtoras e dos produtores, e mecanismos para facer cumprir a lei da cadea alimentaria e acabar con prácticas e marxes abusivas.
- 2- Rexeitamento dos tratados de libre comercio (Mercosur),** que poñan en perigo as nosas producións, e priorizar as nosas producións fronte a terceiros países que comercializan coa UE.
- 3- Eliminar a burocratización que nos asfixia:**
 - Caderno Dixital
 - Decreto de Ordenación de Explotacións Bovinas
 - Decreto de Fertilización Sostible de solos
- 4- Adaptación dos ecoesquemas e da PAC á realidade da agricultura e gandería galegas,** pagos en función das persoas activas e non pola superficie.
- 5- Importes suficientes para atender as solicitudes de produción ecolóxica,** así como a totalidade de expedientes de agroam-

biente e clima e as axudas de incorporación.

6- Recuperación de terra agrícola e a súa especial protección, e apoios ao sector fronte a novos retos como os cambios no clima, novas enfermidades ou o encarecemento dos insumos e combustibles. Maior apoio á investigación pública, que axude e acompañe ao sector na situación actual e de cara aos novos problemas que afectan ao sector, para unha maior sustentabilidade nas explotacións.

7- Fomentar o acceso da poboación aos alimentos apoiando os mercados locais e os circuitos curtos.

8- Mantemento da redución no prezo do gasóleo para o sector, así como as condicións do gasóleo agrícola profesional.

9- Remuneración dos danos de fauna salvaxe (xabarín, lobo...), e do lucro cesante e da totalidade das perdas ocasionadas, que deben ser minimizadas.

10- Creación da figura da persoa mediadora na negociación de contratos e posta en marcha de observatorios de prezos nos produtos agroalimentarios.



Labregas e labregos do SLG estivemos en diversos puntos da Galiza concentradas. Á esquerda, a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, declarando ante os medios de comunicación dende Lalín. Á dereita, unha mostra do que foi a mobilización na capital da Galiza, en Santiago de Compostela, a onde acudiron diversos tractores.

O agro galego esixe en Madrid políticas agrarias respectuosas coas produtoras e que garantan o dereito a unha alimentación saudábel

Baixo o lema “O campo esixe apoio, respecto e recoñecemento”, o 26 de febreiro o SLG participou canda milleiros de persoas procedentes de todo o Estado na manifestación e tractorada convocada en Madrid con motivo da xuntanza do Consello Europeo de Ministros de Agricultura.

As organizacións agrarias demandamos na capital do Estado respostas rápidas e estruturais á crise actual á que se enfronta o sector agrario, comezando pola eliminación da burocracia que nos afoga; a articulación de mecanismos efectivos para acabar cos baixos prezos en orixe e coas marxes abusivas entre os prezos que perciben as persoas agricultoras e os altos prezos que pagan as persoas consumidoras; cambios nas medidas que afectan negativamente ás pequenas e medianas producións -que son maioritarias na Galiza- ou que non están adaptadas á realidade galega ou da Cornixa, así como deixar de utilizar a agricultura como moeda de cambio nos chamados Tratados de Libre Comercio, que facilitan a

importación de alimentos que non cumpren os estándares mínimos de seguridade e protección do medio ambiente esixidos na UE.

En declaracións dende a capital do Estado, Madrid, a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, salientou que estas mobilizacións estanse a levar a cabo nun momento decisivo:

“Estamos perdendo moita poboación dedicada á agricultura. No noso caso seis de cada dez persoas agricultoras xubiláranse nos próximos anos. Temos un contexto de dificultade enorme no sector agrario e na zonas rurais, e isto pode ser a puntilla para que moita xente teñamos que abandonar o sector. Entón, estamos moi pendentes do día de hoxe. O propio Ministerio dixo que se estaban facendo estas políticas como unha especie de despotismo ilustrado, é dicir, unha maneira de gobernar de maneira despota, obviando todas as dificultades que ten un sector estratéxico que é o que proporciona alimentos ao conxunto da sociedade”.



Continuamos as reivindicacións tamén en Madrid. Arriba, Xosé Ramón Cendán. Abaixo, Isabel Vilalba Seivane (no centro) diante do Ministerio de Agricultura.





© Brieuc Van Elst

O Sindicato Labrego Galego (SLG) participou, como Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC), nas accións convocadas o 1 de febreiro en Bruxelas (imaxe de arriba: autoría Brieuc Van Elst); e tamén o pasado 26 de febreiro (fotografía de abaixo).



BRUXELAS

Asemade, o Sindicato Labrego Galego tamén participou nas mobilizacións convocadas en Bruxelas pola Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC) e outras organizacións agrarias e sociais aliadas, nas inmediacións da xuntanza de ministras e ministros.

Na liña das reivindicacións defendidas en Madrid -e a semana anterior nas mobilizacións desenvolvidas na Galiza-, dende a CEVC insistimos na importancia de regular os mercados e conseguir que a Directiva sobre prácticas comerciais desleais sexa obrigatoria, co fin de garantir prezos xustos e estábeis, protexidos da especulación, que cubran os custos de produción e o traballo das persoas labregas; a eliminación dos Tratados de Libre Comercio e a competencia desleal deben ser prioridades.

Tamén esiximos que a Unión Europea manteña o principio de precaución e deteña a desre-

gulación dos organismos xenéticamente modificados e das novas técnicas xenómicas; que sexa asegurado un orzamento suficiente e unha distribución equitativa das axudas da PAC, a fin de facilitar unha transición xusta cara a agroecoloxía e as prácticas sostíbeis, así como a redución das cargas administrativas para as pequenas e medianas granxas.

Dende o Sindicato demandamos que se activen os cambios necesarios para que a Política Agraria Común (PAC) estea verdadeiramente ao servizo do dereito á alimentación, tanto no que respecta á produción como á comercialización e consumo. A actual orientación cara ás exportacións e o mercado internacional non beneficia ás persoas consumidoras e prexudica ao medio ambiente, ao tempo que provoca que as persoas labregas recibamos prezos que non cobren custos nin remuneran o noso traballo. É un sistema que só beneficia á agroindustria e aos grandes poderes económicos, á costa dun ben imprescindible como é a alimentación.

PRINCIPAIS MEDIDAS ANUNCIADAS A FINAIS DE FEBREIRO POLO MINISTERIO DE AGRICULTURA

- 1- Simplificación das seguintes normas de boas prácticas (BCAM): 4 (fraxas protección augas), 5 (xestión para evitar a erosión), 6 (cobertura mínima do solo), 7 (rotación de cultivos), 8 (superficies non-productivas) e 10 (fertilización...).
- 2- As granxas de menos de 10ha quedan exentas dos controis de condicionalidade.
- 3- Adaptar ecorreximes a zonas áridas, eliminar fotos xeorreferenciadas agás en casos imprescindibles, adaptar ecorreximes para facilitar a súa aplicación: rotación de cultivos, barbeitos, leguminosas, cubertas baixo leñosas e biodiversidade.
- 4- Búscase seguridade xurídica na PAC.
- 5- O caderno dixital pasa a ser voluntario polo que tamén inflúe en moitas das obrigas vencelladas a este.
- 6- A identificación electrónica de bovinos atrasase un ano. O Plan Sanitario Integral (PSI) atrasase un ano. A ordenación bovina e porcina no relativo ao benestar animal entrará en vigor en 2027. Flexibilízase a densidade gandeira en porcino.
- 7- Nutrición sostible de solos: atrasase dous anos o plan de abonado e flexibilízase a aplicación e almacenamento de esterco.
- 8- Comercio internacional: estase traballando coas cláusulas espello e vaise esixir o 0 técnico en produtos prohibidos no control de fronteira. O problema do etiquetado dáse pola reetiquetaxe

de producións que entran. Estableceranse plans específicos de inspeccións.

9- Lei da Cadea: reforzamento do rango da AICA. Axilizar estudos da cadea de valor. Potenciar o papel das OPAs respecto das denuncias. Introducir novas medidas sancionadoras de carácter disuasorio.

10- Sanidade animal: aumentan as partidas para afrontar a EHE

11- Celebrar un foro de gandería extensiva de 2 días de duración, en abril.

12- Relevo xeracional: a competencia é das CCAA. Tentarán coordinar as convocatorias de incorporación.

13- Seguros agrarios: tentar subir ao 75% (máximo) para profesionais, mozas e mozos e explotacións prioritarias. Fondos complementarios para cubrir a siniestralidade polo cambio climático

14- Fiscalidade:

- Manter gasóleo agrícola até 2030.
- Redución fiscal por adquisición de carburantes e fertilizantes.
- Excluírase o IVE do cálculo de 250.000€ para poder pasar a módulos.
- Exención fiscal dos ecorreximes.
- Redución do rendemento neto un 10%.

MINISTERIO ▶ O SLG e outras organizacións agrarias reunímonos co Ministro de Agricultura en febreiro para impulsar as reivindicacións últimas do sector do agro

Esiximos concreción das propostas realizadas polo Ministerio para atender as demandas do sector primario

Saudamos a retirada da obriga do caderno dixital, pero advertimos inconcreción no cumprimento da Lei da Cadea

Logo das mobilizacións realizadas polas organizacións agrarias o martes 20 de febreiro na Galiza e o luns 26 de febreiro en Madrid, a finais de febreiro reunímonos co Ministro de Agricultura, Luis Planas, quen propuxo unha serie de modificacións a activar na aplicación na Política Agraria Común (PAC), ao tempo que recalcou que tamén hai cuestións moi significativas, como por exemplo a simplificación ou o relevo xeracional, nas que as administracións autonómicas, no noso caso a Consellaría do Medio Rural, poden establecer tamén actuacións que concreten as demandas realizadas polo sector produtor.

As propostas do Ministerio

Unha vez analizadas as propostas realizadas (cadro da páxina anterior) dende o Sindicato Labego Galego valoramos moi positivamente a existencia destes espazos de interlocución, que consideramos imprescindíbeis, e saudamos que accederan á demanda do Sindicato Labego Galego de anular a obrigatoriedade do caderno dixital, unha esixencia de moi difícil cumprimento tendo en conta a idade media das persoas labregas e as limitacións da internet nas áreas rurais. Ademais, para a Galiza tamén é moi relevante que se poda manter un debate tanto sobre as distintas normas como sobre os ecorreximes, atendendo ás distintas características dos territorios.

Porén, advertimos, por unha banda, unha clara falta de concreción con respecto a de que xeito se van materializar na práctica cuestións determinantes para as persoas labregas como o cumprimento da Lei da Cadea. Atendendo aos anuncios do Ministro neste sentido, de que xeito se vai reforzar o rango da AICA? Como se van axilizar os es-

tudos da cadea de valor? De que maneira se vai potenciar o papel das OPAs respecto das denuncias? Que tipo de novas medidas sancionadoras de carácter disuasorio van ser introducidas? Por que o Ministerio non aborda de ningún xeito a cuestión dos prezos?

En segundo termo, parte das propostas ministeriais refírense ao aprazamento da obriga de medidas, non á súa exención para pequenas e medianas explotacións, como solicitamos dende o SLG-CCLL, co cal non se está a fornecer solución de fondo ningunha. Este é o caso, por exemplo, da identificación electrónica de bovinos ou o Plan Sanitario Integral (PSI), que se demorarán un ano máis.

Máis persoas labregas significa ter mellores alimentos e un medio rural vivo

No tocante á nutrición sostíbel de solos atrásase dous anos o plan de abonado -que implicaba a utilización de grandes máquinas- e flexibilízase a aplicación e almacenamento de esterco. A ordenación bovina e porcina no relativo ao benestar animal entraría en vigor en 2027.

En terceiro lugar, hai unha cuestión de especial relevancia que cómpre pór enriba da mesa. Na liña do anuncio realizado pola presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, de retirar a proposta para reducir á metade o uso de pesticidas na Unión Europea (UE), dende o SLG preocupámonos que as mobilizacións do sector primario sexan instrumentalizadas polos operadores agroindustriais para conseguir limitar medidas que velan pola saúde das persoas que consumen os alimentos, os territorios onde se producen e o benestar animal. Reitera-

mos que os estándares de control e esixencia a aplicar deben ser os máximos na produción industrial. Abundan os exemplos de problemas de saúde e medioambientais provocados por ese modelo.

Pequenas/medianas granxas

O que non se pode é afogar ás pequenas e ás medianas granxas con medidas pensadas para as fábricas de alimentos. A industrialización alimentaria provoca uns problemas moi específicos, vinculados á produción intensiva; é inxusto e irresponsábel facer partícipes destes prexuízos sociais e medioambientais ás granxas das persoas labregas.

Son estas producións as que deben ser coidadas polas administracións, potenciando un modelo de produción de alimentos que coida o entorno no que se desenvolve e proporciona alimentos sans e de calidade á cidadanía, mellorando a soberanía e a seguridade alimentarias. Máis persoas labregas significa ter mellores alimentos e un medio rural vivo.

Máis alá de normas que poñan límites e obstáculos, cómpre unha estratexia que reoriente o modelo agroalimentar. A administración pública debe pór en marcha os medios necesarios para unha transición das persoas labregas atrapadas no modelo intensivo industrial cara á agroecoloxía, garantindo a viabilidade das producións labregas, familiares, artesás...

Ademais, cada día é máis estratéxico que as políticas agrarias estean adaptadas á realidade específica de cada territorio. Non pode haber unha PAC igual para todo o Estado, precisamos unha adaptación á realidade galega, ou canto menos á realidade da Galiza e a Cornixa.

Dende o SLG-CCLL seguiremos moi atentas á evolución deste proceso de negociación, e demandamos que na xuntanza de mañá o Ministerio concrete como se van a executar as propostas de solución que nos está a trasladar ás organizacións agrarias.

AXUDAS TG ▶ Ao día seguinte da nosa denuncia pública a CMR publicou a orde que regula as axudas da PAC 2024 pero non abriu o prazo para novas solicitudes agroambientais

Anos de deficiencias na execución das políticas da Consellaría lastran a viabilidade das granxas galegas

Denunciamos o abandono de responsabilidades da CMR á hora de buscar unha correcta aplicación da PAC á realidade galega

Brais Álvarez, apicultor e membro da Executiva Nacional do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CLL); Ana Rodríguez, gandeira e economista especializada en políticas agrarias no SLG-CLL e María Ferreiro, gandeira e responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, denunciaron o 7 de marzo en rolda de prensa en Santiago de Compostela as dificultades que están a afrontar as granxas galegas por mor das continuas deficiencias na planificación da Consellaría do Medio Rural (CMR), así como polo abandono da súa responsabilidade como institución galega interlocutora co Ministerio de Agricultura.

Dende o SLG levamos moito tempo denunciando a parálise e o desmantelamento sistemático que está a sufrir a Consellaría de Medio Rural baixo a xestión do conselleiro José González Vázquez, situación que está influíndo negativamente en todas as granxas do país comprometendo seriamente a viabilidade de centos delas. Exemplos foron a denegación da maioría das axudas á agricultura ecolóxica ou a discriminación das pequenas granxas das axudas habilitadas por mor da COVID-19-recorrida xudicialmente polo SLG conseguindo que se ditaminara a obriga de subsanar esta discriminación, fallo xudicial



Brais Álvarez, Ana Rodríguez (no centro) e María Ferreiro en rolda de prensa o 7 de marzo no local nacional do SLG-CLL.

que a CMR estase negando a cumprir-.

Exemplos recentes

Centrándonos en exemplos recentes, vai a xogo con estas eivas o feito de que as solicitudes de incorporación de persoas mozas realizadas no 2023 foran resoltas xa entrado o 2024; ou que o mesmo ocorrera coas axudas de todas as agroambientais da PAC, solicitadas antes de xullo do ano pasado pero publicada a súa resolución aínda a comezos de marzo.

Peor acontece cos ecorreximes do 2023, que a día de hoxe non cobrou ningunha persoa labrega deste país; e na mesma liña vai o feito de que en pleno mes de marzo un considerábel número de granxas non teña percibido absolutamente nada polos dereitos a Axuda Básica á Renda para a Sostenibilidade (ABRS), malia seren uns pagos

que tradicionalmente se realizaban en decembro. A propia Consellaría recoñeceu que estes atrasos debíanse a unha mala planificación de medios humanos e materiais para a súa correcta tramitación. Persistindo neste abandono, parece ser que a Consellaría está valorando non abrir prazo para novas solicitudes de pagos agroambientais, ecolóxicos, etc.

Estas axudas son para o período 2024-2027, polo que non activalas este ano sería un importante agravio comparativo cas que si solicitaron no 2023, ademais de deixar sen apoio a aquelas granxas que por exemplo queren facer unha transición a ecolóxica. Neste sentido, esiximos á CMR que publique con carácter inmediato a Orde que regula as axudas da PAC 2024 e, dentro da mesma, habilite novas solicitudes de axudas agroambientais dotándoas do

orçamento correspondente.

Preocúpanos que as demoras, a falta de transparencia e, en xeral, a negligencia sistematizada no desenvolvemento das políticas agrarias, se teñan enquistado no equipo liderado polo conselleiro José González e xa estamos a ver vir o seguinte problema: a nova Orde de axudas de incorporación e plans de mellora, sacada ás presas durante a campaña electoral e que á hora de ser aplicada estamos a detectar que está incompleta e xera inseguridade xurídica para moitas das persoas que queren solicitala. Ante esta novae eiva, nunha mostra máis de falta de transparencia, a CMR está a cubrir dando instrucións internas ao persoal funcionario, criterios que ao non seren publicados sitúannos nunha situación de indefensión como persoas produtoras e como organizacións agrarias.

Cuestións como a aplicación a granxas en ecolóxico de criterios de limitación de axudas para as granxas intensivas -por exemplo no relativo aos invernadoiros-, as altas posibilidades de que o aumento da cantidade a percibir nos plans de mellora e os criterios de puntuación teñan como consecuencia que estas axudas sexan totalmente insuficientes e que se quede moita xente fóra ou, xa mesmo no referido á xestión técnica desta Orde, que a aplicación informática MELLES habilitada para a súa xestión siga presentando fallos, debuxan un escenario problemático para as produtoras e produtores de alimentos no noso país.

Unha vez máis pedimos á Consellaría do Medio Rural que solucione os seus continuos problemas de funcionamento, e no caso concreto da Orde de incorporación sexan publicadas as pertinentes correccións e aclaracións, aumentando asemade a partida orzamentaria para garantir que ninguén vaia quedar fóra da mesma por falta

de fondos, como xa sucedeu no ano 2022 coa exclusión de 74 persoas mozas cumprían todos os requisitos para a incorporación e non percibiron a axuda. Solicitamos tamén que sexa ampliado o prazo de solicitude de forma oficial, e se proceda a subsanar as constantes incidencias técnicas da aplicación MELLES.

Política Agraria Común (PAC)

Este mesmo descoido negligente cun sector social e economicamente tan importante como é o produtor de alimentos estámolo a padecer tamén con respecto á Política Agraria Común (PAC). A Consellaría renuncia a ser interlocutora co Ministerio para asegurar que a PAC teña unha aplicación coherente ca realidade galega. A día de hoxe estanse modificando reais decretos que teñen que ver coa ordenación do bovino, coa nutrición sostíbel dos solos agrarios, coa Lei da Cadea Alimentaria... Modificacións moi importantes para o sector pero que, ao non existir ningunha

vontade de diálogo por parte da nosa propia Consellaría, non van contar cos aportes e solicitudes do sector primario galego.

Unha das cuestións máis importantes que se están a negociar é o Real Decreto de Nutrición Sostible dos Solos Agrarios, o que na Galiza coñecemos como o Real Decreto dos Puríns. No resto do Estado é un Real Decreto que non lles preocupa o máis mínimo. Por que?

Pois porque a maioría son agricultores e agricultoras que fertilizan con fertilizantes químicos. Pero a realidade galega é outra, aquí hai moitas gandarías de carácter familiar, que non son capaces de cumprir este Real Decreto en cuestións como a maquinaria a introducir, o plan de abonado, o plan de fertilización, o asesor de fertilización, etc.

Dende o SLG imos presentar as nosas alegacións para que o Ministerio as teña en conta, pero é unha carencia patente non saber que presentou a Consellaría, se é que presentou algo.

Ecorreximes

Outra cuestión de incompreensión da nosa realidade por mor da falta de comunicación entre a Consellaría e o Ministerio atinxe aos ecorreximes. Galiza é unha das comunidades autónomas que menos expedientes de ecorexime presentou e, dentro deses expedientes, das que menos hectáreas presentou. Porén, o Ministerio di que a única información que ten ao respecto é sobre os problemas de aplicación dos ecorreximes nas zonas áridas. Xa que logo, a Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galicia tampouco lles debeu trasladar información neste sentido.

É totalmente intolerábel que tendo o peso que ten no noso país o sector primario, sendo por exemplo as principais produtoras en leite, a pouca calidade da representación da Consellaría do Medio Rural (CMR) provoque que sexamos unha comunidade autónoma que apenas é tomada en conta nas prioridades do Ministerio da Agricultura.

PREZOS LEITE ▶ O pasado mes de febreiro, cando estaba comezando a tempada de negociación de contratos do leite, denunciámos publicamente unha vez máis que os abusos da industria ían condicionar o marco das negociacións

A Consellaría do Medio Rural negouse a intervir ante a baixada de prezo do leite, chegamos a abril con prezos á baixa

No mes de febreiro solicitamos a intervención inmediata do conselleiro José González Vázquez, instándoo a que se comunicara coa Axencia de Información e Control Alimentarios estatal (AICA) para que velase polo cumprimento da Lei da Cadea Alimentaria impedindo estas prácticas abusivas, así como ca Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC), para investigar posíbeis acordos comerciais entre empresas que estaban ofertando á distribución baixadas similares no mesmo día.

Daquela xa tiñamos coñecemento de que a empresa con maior volume de recollida na Galiza (Lactalis) e a empresa galega que máis recolle (Leite Río) estaban realizando á distribución ofertas idénticas de abaratamento do leite, e así llo notificamos tamén á Consellaría do Medio Rural. Co paso dos meses esta alerta foise confirmando e estendendo a outras industrias. E chegamos ao inicio dunha nova

tempada de contratos este mes de abril con prezos ata 5ct/l máis baixos. Ademais, temos constancia de que Larsa vai enviar leite para a marca branca de Mercadona.

Os feitos demostran que cando unha industria láctea establece acordos para fornecer marcas brancas da grande distribución ese abaratamento do produto quen o acabamos pagando somos as gandeiras e gandeiros no prezo do leite en orixe.

Á vista do actual escenario comercial non existe ningún tipo de xustificación para que as industrias lácteas impoñan baixadas de prezos ao sector produtor, actitude que só se pode adxudicar ás ansias destas empresas por aumentar a súa marxe de beneficios á costa da desvalorización do noso leite, e á coartada que lle dan a Consellaría do Medio Rural e o Ministerio de Agricultura ao non pór coto aos seus abusos e á destrución de valor na cadea.

BALEIRADO SANITARIO ▶ Acordamos solicitar á Consellaría do Medio Rural accións inmediatas en materia de saneamento, criterio de prevalencia e indemnizacións

Centos de gandeiras e veciñanza impiden a marcaxe de 40 animais sans para sacrificio nunha granxa de Manzaneda

A marcaxe para o sacrificio realizouse finalmente o martes 19 de marzo a pesar do impedimento da veciñanza

Arredor de 200 gandeiros, gandeiras e veciñanza da contorna xuntáronse na mañá do 15 de marzo na concentración de apoio aos gandeiros afectados por un posíbel baleirado sanitario da súa granxa, localizada na aldea de Palleirós (Manzaneda), onde estaba prevista a marcaxe de 40 animais sans para o seu sacrificio por parte da Xunta de Galicia. Finalmente a marcaxe foi realizada o martes 19 de marzo a pesar do impedimento da veciñanza. Dende o SLG realizamos unha concentración diante da delegación da Xunta en Ourense e continuaremos en Compostela.

“Queremos denunciar que se quere sacrificar animais totalmente sans, simplemente por criterios propios dos Servizos Veterinarios Oficiais, simplemente por sospeitas de que poderían conter a enfermidade de tuberculose e sen mais criterios que a súa propia intuición. Pídesse dende eiquí e agora a toda Administración que se esgoten todas as medidas previas de análise, estudos, etc.. antes de adoptar unha medida tan gravosa para unha explotación gandeira como é o baleirado sanitario”, demandou o responsábel do SLG na comarca, Xosé Anxo Pérez Rúa.

Malia que a Administración galega ten marxe dentro da legalidade para facer as probas que determinen que animais



Gandeiras, gandeiros e veciñanza concentráronse o pasado 15 de marzo na aldea de Palleirós en apoio á granxa familiar.

está contaxiados ou non, malia as reiteradas solicitudes, a Consellaría do Medio Rural nunca quixo acceder a realizar máis análises e estudos que concretasen a existencia de propagación da enfermidade.

A día de hoxe non sabemos se está de forma latente na cabana gandeira da propia explotación

ou explotación lindeiras, se pode provir doutras especies distintas de vacún ou se está presente na fauna salvaxe, como o xabarín, o corzo, o teixugo, etc. Denunciamos esta falta de rigor por parte dos Servizos Veterinarios Oficiais, que semellan preferir adoptar medidas que non impliquen máis esforzo que asi-

nar papeis.

Por outra banda, advertiu Pérez Rúa, “non nos vale a escusa de que teñen que seguir os protocolos que lles impón o Ministerio, porque estes protocolos tamén din que permiten que se esgoten outras vías antes de adoptar medidas tan drásticas como o baleirado sanitario”.

MEDIDAS URGENTES A TER EN CONTA POLA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL

1- Pedimos unha reunión urxente co Conselleiro de Medio Rural.

2- Solicitamos que non se sacrifiquen aos animais sans, sacrificándose tan só os animais oficialmente confirmados e realizar as investigacións oficiais pertinentes para establecer un criterio obxectivo e determinar deste xeito a existencia ou non da difusión das enfermidades de declaración obrigatoria.

3- Esgotar todas as vías de control e de estudo dunha explotación antes de chegar a un ditame de baleirado sanitario.

4- Non se entende que comunidades autónomas que cumpren cos niveis sanitarios de prevalencia teñan que adoptar medidas moito máis drásticas e lesivas para as explotacións que outras comunidades con niveis sanitarios de menor cualificación sanitaria. Polo que solicitamos a revisión da catalogación de prevalencia 0 na Galiza, debido a alta incidencia de tuberculose da fauna salvaxe.

5- Que se volva a retomar o saneamento gandeiro

anual.

6- Que se incrementen os baremos de indemnización dos animais sacrificados a raíz dun sacrificio obrigatorio establecidos polos servizos veterinarios oficiais, para a reposición cando menos ao mesmo nivel de prezos estipulados noutras axudas como pode ser as indemnizacións por morte causadas por fauna salvaxe.

7- Que se incremente cando menos o período de lucro cesante ata os dous anos, que é cando a explotación volvería a ter ingresos por venda de becerros.

8- Que as indemnizacións de reposición e de lucro cesante da Consellaría de Medio Rural sexan complementarias coas indemnizacións do seguro de explotación de saneamento gandeiro.

9- Erradicar a práctica da provocación de partos con oxitocina e a posterior morte de becerros acabados de nacer para posteriormente ser recollidos pola empresa de recollida de cadáveres porque vai totalmente en contra da Lei de Benestar Animal.

CÁRTEL DO LEITE ▶ Confírmanse as denuncias de prácticas abusivas por parte das empresas lácteas realizada polo Sindicato Labrego e outras organizacións

A Audiencia Nacional confirma as infraccións das industrias do Cártel do Leite e a maioría das sancións impostas

As sentenzas constitúen un paso importante no camiño de reclamación das perdas provocadas pola presión das industrias

A finais de febreiro coñecemos as sentenzas da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional que confirman as condenas ás industrias que formaban o Cártel do Leite. En total son nove sentenzas, das cales sete confirman integramente os feitos polos que a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia (CNMC) sancionaba en 2019 a estas empresas, e incluso se lle impón a condena en costas por ver desestimado o seu recurso. Con isto confírmanse as protestas/denuncias públicas do Sindicato Labrego ao respecto das prácticas ilegais que as empresas executaban para impedirlle ás explotacións cuestións básicas como cambiar de empresa ou reclamar mellores prezos.

As prácticas do denominado Cártel do Leite datan, canto menos, do ano 2000, no que aínda había en activo 53.355 granxas de leite no Estado -das cales 28.231 eran galegas- e prolongáronse até o 2013. O pacto de prezos fraudulento establecido entre estas industrias lácteas acabou contaminando a totalidade do sector, que fixou uns prezos artificialmente baixos e impediu ás granxas cambiar de empresa, alterando polo tanto as condicións de mercado. Polo tanto, os prezos do resto víronse afectados, prexudicando a todas as granxas que



Unha mostra do deseño central do cartel informativo das asembleas arredor da problemática do Cártel do Leite que o Sindicato Labrego Galego está a impartir.

entregaban leite, o cal podía permitirlles reclamar como afectadas contra o Cártel do leite. O Sindicato Labrego Galego está a realizar asembleas informativas para achegarlle á xente as novidades e situación actual do proceso contra o Cártel do Leite.

Aínda que as sentenzas non son firmes e poden ser recorridas en Casación ante o Tribunal Supremo, son unha boa noticia para as granxas gandeiras que decidiron reclamar contra o Cártel do Leite, xa que se veñen a confirmar as teses que dan lugar a dita reclamación, e constitúen un paso importante no camiño da reclamación das perdas económicas ás empresas do Cártel.

O SLG está a realizar asembleas informativas arredor do Cártel do Leite

Antecedentes do mes de xullo de 2019

O pasado 11 de xullo do ano 2019 (é dicir, hai cinco anos), a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia impúxolle unha sanción a estas industrias lácteas -Capsa Foods (Central Lechera Asturiana, Larsa...), Danone, Lactalis, Industrias Lácteas de Granada, Pascual, Nestlé, Schreiber Food, Asociación de Empresas Lácteas de Galicia, Gremio de Industrias Lácteas de Cataluña e Central Lechera de Galicia-, que foi recorrida vía xudicial por cada unha delas.

Das nove condenadas que recorreron, só dúas delas (PULEVA e Corporación Alimentaria Peñasanta), conseguiron reducir a sanción por enten-

der que non cometeron a infracción durante todo o período.

Respecto da AELGA (Asociación de Empresas Lácteas de Galicia) a sentenza entende que a sanción non está correctamente motivada, e remítelle novamente o expediente á Comisión Nacional de Mercados e da Competencia para que calcule novamente a sanción a impoñer de forma motivada.

Sexa como sexa, en todo caso, confírmanse as condutas infractoras así como a maioría das sancións, e con isto queda máis despezado o camiño cara a reclamación das perdas que sufriron as granxas produtoras de leite.

SECTOR VEXETAL ▶ Encontro do Sector Vexetal do Sindicato Labrego Galego no local nacional da organización en Santiago de Compostela

"Hai sector porque hai resposta e hai persoas que estamos aquí"



Máis dunha trintena de produtoras e produtores xuntáronse o pasado 24 de xaneiro no Encontro do Sector Vexetal do Sindicato Labrego Galego no local en Compostela.

O 24 de xaneiro tivo lugar o Encontro do Sector Vexetal do SLG no local nacional da organización en Compostela, ao que asistiron máis dunha trintena de produtoras e produtores. "Volvemos a xuntarnos e vimos que hai esa necesidade de encontrarse e falar das preocupacións e intereses do sector", sentencia Belén Fervenza, vice-rresponsábel do Sector Vexetal do SLG. "A idea era xuntarse para comezar a dinamizar o sector, porque é un sector moi difícil", engade Santi Rodríguez, responsábel do Sector Vexetal.

Propostas e problemáticas

Durante o Encontro, houbo unha chuvia de ideas de propostas e de problemáticas, "entre elas podemos resaltar o cambio climático que é un problema en xeral, pero en horta é onde se cadra podemos notalo máis; acordouse facer actuacións inmediatas como asembleas locais, ademais de traballar as necesidades concretas en cada zona", explica Rodríguez. Por outra banda, analizáronse as necesidades e problemáticas do sector, elaborouse unha táboa reivindicativa cos obxectivos e urxencias e creouse un grupo de traballo para levar a cabo

estas propostas. Belén e Santi forman parte del.

Axudas para o sector

"Precisamos axudas para o sector, ser recoñecidas pola administración, porque os pequenos proxecto de horta tamén sobrevivimos", reivindica Fervenza. "Hai varias demandas e urxencias que necesita o sector, entre elas precisamos axudas e que se nos dean visibilidade ao nivel doutros sectores, son ridículas as axudas que se dan a nivel de horta", sentencia Rodríguez.

Entre as demandas principais, as responsábeis do sector vexetal do Sindicato Labrego indican que cómpre que a administración atenda de maneira urxente o sector vexetal: "o ano pasado houbo perdas moi grandes na produción e falouse co conselleiro pero nada, non hai resposta do outro lado, para eles non existimos, non somos un sector importante para eles, e creo que é unha demanda poñer sobre a mesa a nosa existencia e poñela en valor tanto para a sociedade como para a administración, porque é fundamental que existan proxectos de horta por todo o territorio", di Belén Fervenza.

Grupo de traballo interno

Na xuntanza do sector vexetal do SLG tamén se afondou na importancia de realizar formación interna para afrontar as dificultades e procurar claves para erradicar o cambio climático e fortalecer o sector vexetal.

"Queremos facer un traballo sindical a nivel interno para levar a cabo as nosas demandas, porque necesitamos estrutura e dirección para ter continuidade no traballo, porque ás veces quedan recollidas as demandas e necesidades pero non hai continuidade, e por iso creamos un bloque de traballo, para sacar adiante as nosas demandas", explica Belén Fervenza. "Debido ás mobilizacións do agro destes meses aínda non podemos comezar a traballar nel, pero estamos a organizarnos para comezar a traballar canto antes", reconece Santi Rodríguez.

Fundación Juana de Vega

No Plan Estratéxico da Horta (2023-2030) da Xunta, realizado pola equipa da Fundación Juana de Vega, cítase un estudo da Universidade de Wageningen publicado en *Nature Food* no que se explica que a demanda de alimentos no mundo

augmentará entre un 35% e un 56% até 2050. En paralelo, en dito informe indícase que se pretende "converter Galiza nun referente na produción hortícola de calidade, apostando pola sostibilidade, a diversidade, o respecto polo medio ambiente, a innovación e a profesionalidade como pancas para ofrecer ao mercado produtos frescos e transformados saudábeis apreciados polos consumidores, xerando valor económico e oportunidades de emprego e emprendemento no territorio no horizonte temporal 2023-2030"; sinalando que o obxectivo xeral do plan estratéxico da horta é "impulsar o crecemento sostíbel e competitivo do sector hortícola en Galiza, promovendo a calidade, a sostibilidade e a innovación en toda a cadea de valor".

Para lograr obxectivos, precisamos labregas que produzan alimentos. Para que produzaamos alimentos precisamos axudas para crear un sector vexetal forte. Para crear un sector vexetal forte precisamos que se poña en valor o sector vexetal galego na Galiza canto antes, xa que "hai sector porque hai resposta e hai persoas que estamos aquí", afirma Belén Fervenza.

ALTRI ▶ A fábrica de celulosa (Palas de Rei) afectaría directamente ás producións agrarias, ao marisqueo, a pesca, o turismo e benestar da poboación

Oposición social á captación de augas da fábrica ALTRI e campaña de alegacións á instalación da fábrica

Cada día consumiría 46 millóns de litros de auga limpa e vertería 30 millóns de litros contaminados

A Plataforma Ulloa Viva, integrada por entidades veciñais e organizacións sociais, entre as que se atopa o Sindicato Labrego Galego, trasladou o pasado 15 de marzo en rolda de prensa información ao respecto da campaña de alegacións desenvolvida nos últimos meses fronte á captación industrial de auga solicitada pola fábrica de celulosa ALTRI (Greenfiber S.L.) para a súa instalación en Palas de Rei (Lugo).

En representación do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, a nosa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba Seivane, destacou o forte impacto que industrias coma esta teñen en cuestións esenciais para a produción de alimentos, como son a dispoñibilidade de terra agraria, escaseza de auga ou o aumento de risco de lumes, coa perigo que iso implica para as persoas que vivimos no medio rural.

“A construción desta fábrica virá acompañada dun enorme aumento da superficie de eucalipto na zona centro de Galiza, sobre unhas 60.000 hectáreas. Isto é moi preocupante se temos en conta que a día de hoxe xa tan só temos un 21% de superficie agraria útil. Para que as granxas podan ser viábeis precisamos base territorial.

Ademais, non podemos esquecer os graves lumes que estamos tendo nestes últimos



Representantes da Plataforma Ulloa Viva, entre as que se atopa o Sindicato Labrego Galego, en rolda de prensa o pasado 15 de marzo en Carril. Sentada á dereita, Isabel Vilalba, a nosa Secretaria Xeral; ao seu carón Xulio Rodríguez, tamén do SLG.

anos, que causaron o falecemento de varias persoas e afectaron a moitas vivendas, así como a constante perda de biodiversidade que implica o monocultivo forestal”, concretou.

Por outra banda, veríanse minadas a reputación de importantes denominacións de orixe galegas, como por exemplo a DO Queixo Arzúa Ulloa -a segunda en produción a nivel de todo o Estado, superando os 4 millóns de quilos- ou Ternera Gallega, con forte implantación ambas na comarca, ao tempo que poría moi en cuestión a viabilidade das producións ecolóxicas da comarca.

Os prexuízos que a construción dunha fábrica de celulosa tería na comarca da Ulloa, así como en toda a área da Ría de Arousa, impactarían de xeito directo tanto noutros sectores produtivos, como o marisqueo, a pesca ou o turismo, como no día a día da poboación residente nestas áreas.

30 millóns de litros de auga contaminada

Como destacaron as voceiras e voceiros da Plataforma Ulloa Viva, a fábrica tería un consumo 46 millóns de litros de auga/día, a cambio do cal verterá 30 millóns de litros de auga contaminada con substancias químicas e tóxicas diarios, degradando a calidade de augas do río Ulla. Este acaparamento de recursos hídricos implicaría tamén que, en períodos estivais de seca, coincidentes cos de maior poboación na contorna afectada, deixaría sen auga os concellos que se fornecen do río Ulla (Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Padrón, Dodro, Catoira, Valga, Pontevedra, Vilagarcía e Teo), afectando a 150.000 persoas, que no verán chegan ás 200.000.

Canda a posíbel escaseza de auga, a contaminación atmosférica nun radio de 30 quilómetros, con problemas derivados como enfermidades pulmona-

res e choiva aceda, así como o fedor que desprenden este tipo de industrias degradarían gravemente a calidade de vida de milleiros de persoas. O forte impacto estético, ecolóxico, paisaxístico e sanitario de Altri tería tamén consecuencias directas no principal motor económico de Melide e Palas de Rei: o Camiño de Santiago, por onde pasaron case medio millón de peregrinos e peregrinas no 2023.

Animamos á poboación a que se informe sobre os impactos que vai ter esta industria de celulosa e a presentar alegacións á mesma manifestando a súa disconformidade co proxecto, que aínda por riba, de ser realizado aproveitaríase de máis de 500 millóns de cartos públicos de fondos europeos. **Está dispoñíbel nos locais do SLG, até o 12 de abril, un modelo de alegacións a cubrir pola cidadanía contra ALTRI** O prazo remata o 17 de abril.

COIDADOS ▶ As mulleres asumen case a totalidade dos coidados das persoas dependentes, sobrecarga que se complica aínda máis no medio rural

Denunciamos a grave desatención padecida polas persoas dependentes e as súas coidadoras na Galiza

Máis do 30% das persoas que abandonan as listas de agarda é por falecemento, e o SAF está a piques de colapsar

A responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, María Ferreiro; a vogal do SLG-CCLL no Consello Galego de Benestar Social, Margarida Prieto e a gandeira afiliada

do SLG-CCLL en Abadín Henar Román denunciaron o 8 de febreiro en rolda de prensa en Lugo a situación límite na que se atopan as persoas dependentes e as súas coidadoras na Galiza, ao tempo que presentaron propostas para reconstruír os servizos de dependencia no medio rural.

Dende o Sindicato Labrego solicitamos ao goberno galego que poña a vida no centro, comezando polo establecemento de políticas públicas axeitadas e a activación de orzamentos que poñan solucións reais ás graves deficiencias que temos na Galiza na aplicación da Lei de Dependencia, prestando especial atención en reverter a privatización e na atención ás persoas que habitan no noso medio rural.

As cifras

A responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, subliñou que as grandes prexudicadas polo abandono institucional en materia de dependencia son as mulleres. Na Galiza son o 84,8% das persoas coidadoras, maiormente sen apoio institucional, o que provoca que desatendan a súa propia saúde e que, chegados os seus últimos anos de vida, estean nunha situación de importante vulnerabilidade. “Segundo un estudo do Consello Galego das Mulleres -abondou Ferreiro-, a pensión media das mulleres é de 687,23€, fronte aos 1.030,14 dos homes. É dicir, unha vez xubiladas cobramos 342 euros menos CADA MES. Isto débese en grande medida a que pasamos anos coidando sen percibir un salario, ou que optamos por traballos por horas ou a media xornada que nos permitan compatibilizar”.

A vogal do SLG-CCLL no Consello Galego de Benestar Social, Margarida Prieto, lembrou hoxe que as persoas ás que se lles concede a axuda de dependencia na Galiza teñen un tempo medio de agarda dun ano até que se lle concede o servizo. Nalgúns casos moito máis. Como exemplificou a afiliada do SLG-CCLL Henar Román ao explicar a súa experiencia como coidadora, en numerosas ocasións as persoas solicitantes morren agardando polo servizo. Segundo datos da Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, máis do 30% das que abandonan as listas é por falecemento; no ano 2021 foron 500 persoas.

Ben seguro debido a este deficiente funcionamento, somos a comunidade do Estado que menos solicitudes ten por persoas potencialmente dependentes: “Con 2.690.464 de habitantes temos 485.558 dependentes potenciais e so hai 83.723 solicitudes rexistradas, un 17% das que deberían solicitalo”, concretou Margarida Prieto. “O meu pai morreu agardando polo servizo de dependencia, agora está agardando a miña nai, igual agardan a que morra tamén... E eu, que a día de hoxe debería solicitar a axuda da dependencia para



María Ferreiro (á esquerda), Margarida Prieto e Henar Román denunciaron o 8 de febreiro en Lugo a situación das persoas dependentes e das coidadoras na Galiza.

min mesma, non a solicitei ao considerar que é practicamente imposible que ma concedan”, confirma Henar Román. Así as cousas, a Xunta de Galicia acumula condenas por reclamacións de atrasos e condenas en costas, que inda por riba son pagadas pola propia cidadanía prexudicada. A administración galega só inverte 4.856,6 € por persoa dependente, moi lonxe dos 6.131,6 € da media estatal, un 20,8% menos. Tampouco as galegas e os galegos estamos en igualdade de condicións no tocante á inversión pública por habitante, que o goberno galego limita a 43,8 €/habitante, un 26,8% menos se temos en conta a media estatal de 119,4€.

Servizo de Asistencia no Fogar (SAF)

Mención a parte merece o Servizo de Asistencia no Fogar (SAF), integrado por mulleres na súa inmensa maioría, e que como teñen denunciado en reiteradas situacións, desenvolven un traballo tan sensíbel como é o dos coidados nunha situación totalmente precaria. Na Galiza son atendidas polo SAF 25.540 persoas. Actualmente está xestionado polos concellos, que advirten que está ao borde do colapso. Ademais, dado que os recursos cos que conta cada municipio son distintos, a calidade do servizo varía en función do concello onde vivas.

Malia que as persoas usuarias van ver incrementada a intensidade do servizo polas modificación do mes de xullo do Estado e as adaptacións normativas da Xunta, a administración galega non incrementou o financiamento do Servizo de Asistencia no Fogar, que se sitúa en 12 euros/hora, e que segundo denuncian os concellos no propio ditame emitido pola FEGAM na tramitación de última orde da Xunta, a curto prazo vai ser inviable.

A día de hoxe a hora debería estar pagándose por riba dos 20€; nalgúns territorios do Estado xa se remunera a 25€ e 27€.

DEPENDENCIA ▶ A Valedora confirmou a persistencia de atrasos nas valoracións das persoas solicitantes de Dependencia e Discapacidade


A instancias do SLG-CCLL a Valedora demanda á Consellaría activar medidas para a correcta tramitación da Dependencia e Discapacidade

A Consellaría leva anos sen cumprir os prazos estipulados por Lei, ao non dotar de medios suficientes este servizo esencial

A vogal do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas no Consello Galego de Benestar Social, Margarida Prieto Ledo, presentou no ano 2022 e 2023 sendas denuncias á Valedora do Pobo para informala dos persistentes atrasos nas valoracións de dependencia e discapacidade por parte da Consellaría de Política Social e Xuventude.

A Valedora, María Dolores Fernández Galiño, dirixiuse a finais de febreiro á nosa vogal para confirmar as denuncias realizadas polo Sindicato Labrego Galego, constatando ao respecto das valoracións de discapacidade: “na actualidade, no que se refire á discapacidade confirmase o expresado na queixa; as valoracións da discapacidade coñécense cun amplo atraso, posto que actualmente estanse a valorar os expedientes con prioridade estándar iniciados en 2021, é dicir, dous anos e medio despois da solicitude, a pesar de que o prazo é de 3 meses”.

Ademais, a Valedora tamén corrobora ao SLG que, malia terse dirixido en varias ocasións á Consellaría por mor das denuncias realizadas tanto polo Sindicato Labrego como por outras entidades e persoas, “[...] persisten as esperas, mesmo superando os dous anos en Lugo, polo que apréciase a necesidade do adoptar e aplicar as medidas engadidas que sexan precisas para lograr que as valoracións



A vogal do SLG-CCLL no Consello Galego de Benestar Social, Margarida Prieto Ledo.

correspondente a Lugo se leven a efecto nos prazos previstos.”

Incumprimento de prazos

No relativo á valoración de dependencia, abonda a Valedora, confírmase tamén a denuncia realizada pola vogal do SLG ao respecto do incumprimento dos prazos estipulados por Lei.

Polo tanto, advirte María Dolores Fernández Galiño, “tamén neste caso se aprecian atrasos que habería que corrixir; deberán adoptarse todas as medidas anunciadas [pola Consellaría] e no seu caso as que tamén foran precisas para corrixir os atrasos nas valoracións de dependencia, que prexudican ás persoas afectadas ao atrasar o eventual

servizo ou prestación”.

Ante a gravidade da situación denunciada polo Sindicato Labrego Galego, que afecta ademais a un colectivo sensiblemente vulnerable como é o das persoas dependentes e as súas persoas coidadoras, a Valedora emitiu a seguinte recomendación á Consellaría de Política Social e Xuventude: “que con carácter xeral se habiliten os medidas anunciadas e as demais que se consideren precisas para corrixir os atrasos nas valoracións de discapacidade en Lugo, que prexudican ás persoas afectadas ao atrasar o acceso os eventuais beneficios; e que tamén habiliten as medidas anunciadas e as demais precisas para corrixir os atrasos nas

valoracións e aprobación dos PIAs de dependencia, que prexudican ás persoas afectadas ao atrasar o servizo ou prestación que corresponda”.

A vogal da nosa organización no Consello Galego de Benestar Social, Margarida Prieto Ledo, valorou moi positivamente a resposta da Valedora do Pobo, se ben no que respecta á Consellaría de Política Social e Xuventude criticou que “é intolerábel que un servizo tan sensible como é o da atención á dependencia e os recoñecementos de discapacidade teñan que ser continuamente pelexados ca Administración, que persiste nas súas actuacións deficientes e cando é requirida a corrixir estas eivas activa medidas de cara á galería, moitas veces publicitadas con gradilocuencia nos medios de comunicación, que para nada solucionan o problema de fondo”, afirmou.

“Dende a nosa organización pedimos algo moi simple á Consellaría: boten contas das solicitudes emitidas, estuden o tempo que leva a súa tramitación e contraten os medios humanos e materiais para que a mesma poda ser realizada no tempo estipulado por Lei.

Niso consiste a responsabilidade de xestionar orzamentos públicos para fornecer servizos á cidadanía, ser eficaces na prestación de servizos é o obxectivo máximo de calquera administración, non é de recibo que unha cuestión tan relevante como é a asistencia a persoas dependentes teña un mal funcionamento, que leva a que centos das persoas que solicitan este servizo morran antes de acceder ao mesmo.”

ENCONTRO MULLERES ▶ O 2 e 3 de marzo tivo lugar o XVIII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego no Espazo Vilaseco (Chantada)

Encontro anual das mulleres do SLG '20 anos da man'

Esta edición marca o 20 aniversario dos encontros anuais da Secretaría, dende o primeiro celebrado en Allariz no ano 2004

Ao longo da fin de semana do 2 e 3 de marzo tivo lugar o XVIII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego no Espazo Vilaseco, en Chantada. Esta edición marca o 20 aniversario dos encontros anuais da Secretaría, dende o primeiro celebrado en Allariz no ano 2004. A xuntanza deu comezo hoxe coa benvida da Secretaria Xeral do SLG-CLL, a gandeira e produtora de fabas de Lourenzá **Isabel Vilalba**, e a concelleira de igualdade de Chantada, **Pamela Fernández**.

Na primeira mesa de debate, "As mulleres da Secretaría", **María Ferreiro, Marisol García, Olga Otero, Uxía García, Pura Seoane, Belén Fervenza e Carme Veiga**, afiliadas do SLG de distintas xeracións, analizaron os aportes que a autoorganización das mulleres dentro do Sindicato implicou, tanto para as loitas profesionais, como por exemplo acadar a titularidade compartida das granxas -onde o SLG foi organización pioneira-, como no fortalecemento das mulleres dende unha conciencia feminista.

Tamén cambios fundamentais a nivel interno, como a aprobación da paridade nos órganos de dirección dentro do Sindicato Labrego, foron impulsados polo traballo que se fixo dende a Secretaría das Mulleres. "Cada unha de nós temos

un grande poder dentro, vémololo cando estamos xuntas".

"O Sindicato Labrego é unha organización de base, onde podemos decidir", "foi o Sindicato o que uniu a moitas mulleres", "unha soa non damos, pero todas xuntas si" ou "cada unha de nós somos o Sindicato", foron algunhas das reflexións emanadas no Espazo Vilaseco nesta primeira posta en común arredor do traballo da Secretaría das Mulleres dende a súa creación na década dos 90 do século XX.

Logo dun xantar elaborado con produtos agroecolóxicos e de proximidade, a xornada de tarde abundou na historia da Secretaría, ao tempo que analizou a situación actual do agro dende unha perspectiva de xénero, incluídas as mobilizacións agrarias das últimas semanas.

A mesa redonda "Loitas colectivas das mulleres", integrada pola actual Secretaria Xeral **Isabel Vilalba**; a ex-Secretaria Xeral do SLG (1989-2007) **Lidia Senra**; **Inmaculada Idáñez** da Confederación de Asociaciones de Mujeres del Medio Rural (CERES) e **Malu Egiluz e Amets Ladislao** de Euskal Herriko Nekazarien Elkartasuna (EHNE-Biskaia), presentou no marco do Encontro, un panorama global da situación das mulleres labregas organizadas a nivel de todo o Estado español.

Neste espazo tamén se destacou a importancia das alianzas, sulinando as establecidas con outras organizacións labregas e, xa dende o ano 2000, coa Marcha Mundial das Mulleres. Entre os retos para o futuro identificamos continuar traba-

llando na valorización do traballo realizado polas mulleres labregas e os seus aportes á sociedade.

Despois tivo lugar a presentación da publicación "A fala da terra. Labregas" (2023), unha

compilación de testemuñas de mulleres labregas da provincia de Pontevedra publicada polo SLG, na que interviron **Carlota Ducottet, Belén Fervenza, Concepción Fernández e María Ferreiro**.



Na fotografía superior: Carme Veiga, María Ferreiro, Marisol García, Olga Otero, Pura Seoane, Uxía García e Belén Fervenza. Na imaxe de abaixo: Belén Fervenza, Lidia Senra, Isabel Vilalba, Inmaculada Idáñez e Malu Egiluz e Amets Ladislao.



Concepción Fernández, María Ferreiro, Carlota Ducottet e Belén Fervenza.

Degustación, música e baile

Seguidamente o cento de mulleres asistentes a este XVIII degustamos unha cata de produtos da Queixería Airas Monis, a cargo de **Ana Vázquez**. Como vén sendo habitual nestes encontros, tivemos un espazo para

intercambiarmos sementes, un xeito de, por unha banda, coirar, preservar e espallar o noso patrimonio alimentario e, por outra, de marcar posición política fronte á concepción mercantilista que as políticas agrarias neoliberais pro agroin-

dustriais impoñen aos pobos, nomeadamente ca privatización de sementes e eliminación da diversidade de cultivos.

Pola noite, logo dunha cea colectiva integrada por alimentos achegados polas mulleres asistentes ao Encontro, danzaremos ao ritmo das **pandeireteiras Bouba**.

Segundo día

A segunda xornada do XVIII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CLL) transcorreu ao longo do domingo 3 de marzo e puxo o peche ao vixésimo aniversario fortalecendo os lazos colectivos para seguir xuntas na loita pola igualdade.

A mañá deu comezo coa posta en común da mesa “20 Anos da man. Palestra de Mulleres Aliadas”, tamén no Espazo Vilaseco, que contou coa participación das compañeiras aliadas do Sindicato Labrego **Elena Fernández** (colectivo feminista Polamiúda, de Chantada), **Ximena González** (Marcha Mundial Das Mulleres), **Tareixa Ledo** (terapeuta feminista e extraballadora do SLG-CLL), **Laura Bugalho** (sindicalista), **Estrela Ramil** (cooperante), **Guadalupe Rodríguez e Nela Abella** (ecoloxistas), **Rosa Álvarez, Ana Luisa Bouza e Nanina Santos** (do movemento feminista).

Nas súas intervencións salientaron a Secretaría das Mulleres como un axente social feminista de referencia dende a súa creación, valorando moi especialmente o seu carácter vangardista, tanto no ámbito organizacional -o Sindicato Labrego Galego (SLG) foi unha das primeiras organizacións labregas europeas en ter unha muller como Secretaría Xeral- como no formativo e do feminismo labrego internacional, así como a súa capacidade para dinamizar o traballo conxunto, aportar accións concretas ás estratexias de loita e funcionar como aglutinante de perspectivas diversas dentro da loita social.

Homenaxe a Lola Ferreiro

Logo desta primeira mesa redonda do domingo chegamos a un dos momentos máis emocionantes do XVIII Encontro: a homenaxe á compañeira **Lola Ferreiro**, unha muller referente na loita feminista, moi presente na vida de moitas das asistentes e moi próxima á Secretaría das Mulleres, tendo sido poñente no XII Encontro celebrado en Mondoñedo (2017) e no XV celebrado en Verín (2020).

Mentres as mulleres permanecían agarradas das mans facendo un grande círculo que ocupou toda a sala, a poeta **Nelia Gómez** -tamén traballadora do SLG-CLL- recitou un texto escrito pola tamén poeta **Charo Lopes** con motivo do falecemento de Lola Ferreiro. Esta sentida homenaxe confluía no momento do xantar, co que o XVIII Encontro anual da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas foi entrando na súa recta final.

Como adoita ser habitual, a fin de semana pechou o domingo pola tarde cunha visita a un proxecto labrego dunha muller da comarca, nesta ocasión Adegas Amedo, un proxecto familiar liderado dende fai anos por **Lorena Gay** na Ribeira Sacra.

Exposicións á par

Asemade, durante este XVIII Encontro desfrutamos no Espazo Vilaseco dunha exposición fotográfica con 58 retratos de mulleres, coordinada por Espadela **Coop Arabías, (fotografías de Charo Lopes)** e da exposición fotográfica do SLG-CLL “Vinte anos da man”, sobre os encontros e actividades realizadas pola Secretaría das Mulleres ao longo destas dúas décadas, e tamén dun espazo de conciliación para que as mulleres que participárob no Encontro puidesen acudir coas súas fillas e os seus fillos se así o desexaron. Obrigadas a todas compañeiras por participar neste XVIII Encontro da Secretaría! Vémonos no seguinte!



O sábado pola noite, as pandeireteiras Bouba puxeron son ao XVIII Encontro das Mulleres do SLG. Abaixo, nun instante da comida no Espazo Vilaseco (Chantada).



Isabel Vilalba, Elena Fernández, Nanina Santos, Ximena González, Tareixa Ledo, Laura Bugalho, Estrela Ramil, Guadalupe Rodríguez e Nela Abella, Rosa Álvarez e Ana Luisa Bouza. Abaixo, compañeiras probando viño da Adegas Amedo, un proxecto familiar liderado dende fai anos por Lorena Gay na Ribeira Sacra.



PURA SEOANE ▶ É labrega en Hortasan (Vedra, A Coruña), e foi responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego dende o ano 1994 até o 2002

“Nestes Encontros é onde se ve que somos parte do todo e que o todo está en nós”

✓ **Antes de adentrarnos na Secretaría das Mulleres, comecemos recordando como chegaches ti ao SLG e cando.**

Hai máis de 30 anos, ao comezo empecei sendo colaboradora. Na época universitaria sempre te comezas a cuestionar moitas cousas, sobre todo cando ves da aldea. Eu creo que as que viñamos da aldea nos cuestionabamos máis cousas.

✓ **Que estudaches?**

Grao social. Hai unha vida para formarse, un momento na vida en que a formación é moi bonitiña, e a academia tamén é moi bonitiña. Entón aí comecei a colaborar co SLG a través dunha persoa que para mi foi moi especial, foi o meu maestro, que foi Mariano Lema Pérez. Empecei a seguir os seus pasos, e logo coñecín a Lidia Senra, a Pepe Ramón, a Puchi, a Miguel, etc., eramos un grupo reducido pero con moita coherencia.

✓ **Asumes a responsabilidade da Secretaría das Mulleres no ano 1994. A Secretaría constitúese en 1990, entón ti aos poucos, 4 anos despois da súa creación, es escollida a persoa responsable dela. Pura, cal é a primeira lembranza que regresa deses anos?**

Cando comecei no ano 1992 un dos apoios grandes que facía era levar a Secretaría da Muller. E daquela había unha consellaría que nós lle chamabamos Consellaría do Home, porque era de Igualdade pero...levábaa López Besteiro. Esta muller deixounos á Secretaría da Muller



Pura Seoane diante da súa horta en Vedra (A Coruña) a mediados de xaneiro.

“Se mobilizamos esa luz interior que temos, esa enerxía máis propia de nós, vemos as inxustizas e temos toda a forza que queiramos”

discriminadas non, o seguinte. Lembro que durante un período eu xestionaba todo o tema das subvencións e demais, e daquela tiñan moita forza as asociacións de mulleres rurais. Nós tiñamos un programa moi chuliño onde faciamos desenrolo de creacións, dende conflitos xeracionais entre nais, pais, fillas e fillos; faciamos charlas sobre enfermidades propias da muller, historia da muller; determinadas xornadas polas al-

deas, etc. Por outro lado, había unha serie de loitas nas que estabamos presentes, a nivel de Seguridade Social e de titularidade compartida, e faciamos ruído, xa que se nos deixou un ano sen unha soa peseta! No ano 1993 había un congreso que organizaba esta muller, López Besteiro, no Auditorio de Galicia, en Compostela. O día da inauguración collemos unha pancarta e alí nos puxemos no congreso diante das portas da sala onde estaba ela. Eu estaba emocionada porque houbo unha resposta rapidísima de mulleres. Aquí estamos! Por que quedamos sen un duro? Que pasa coas cousas que nós debatemos? Por que molestan? Por que nos estamos engrandecendo? Por que somos grandes? Pois queremos ser grandes! Foi moi bonito, collemos panfletos e repartímolos explicando á xente porque estabamos alí. Se mobilizamos esa luz interior que temos, esa enerxía máis propia de nós, vemos as inxustizas e temos toda a forza que queiramos. Este é un dos primeiros records que teño.

✓ **Durante esta etapa na que estiveches ao cargo da Secretaría podemos citar dúas grandes loitas: a loita polo dereito das labregas á cotización na Seguridade Social Agraria, e a loita polo dereito á titularidade das granxas agrarias. Cóntanos.**

A min marcoume a nivel persoal. Sendo constante e tendo as cousas moi claras, consegues o que sexa, até cambiar unha lei.



Pura Seoane durante a entrevista realizada para este Fouce no mes de xaneiro, que tivo lugar na cociña da súa casa en Vedra.

“Todos os encontros teñen maxia, todos”

Era irracional que unha lei obsoleta da época do franquismo se estivera aplicando naquela época. É dicir, se o teu marido era autónomo, e aínda que ti tiveras mil vacas, ti estabas cotizando de forma ilegal, e se estabas cotizando de forma ilegal, non te servía para nada. Incluso te podía sancionar no momento que o descubriaran. E chegabas á xubilación e logo que? Había unha lei que agardaba. Era totalmente inxusto. Entón o feito de chegar a outros lugares como o País Vasco ou mesmo Austria, por exemplo, víamos que as cousas eran diferentes. Foi un camiño duro.

✓ **En canto á loita polo dereito á cotización, no ano 1994, denegóuselles a alta na Seguridade Social Agraria a varias labregas afiliadas do SLG da comarca da Estrada por teren menos ingresos que os seus homes que traballan fóra da granxa agraria. 10 destas mulleres iniciaron unha loita so-**

cial e xurídica apoiadas por ti, Pura, que daquela tamén eras responsábel da comarca da Estrada. No ano 1996 o Xulgado deulle a razón ás labregas, aínda que a legislación se mantivo en vigor até o ano 2000. Podes afondar un pouco máis nese tema?

Nese momento era a responsábel da comarca da Estrada e a coordinadora comarcal na provincia de Pontevedra. Entón as mulleres sentíanse mal, non durmían, sentíanse afogadas. Era día tras días, semana tras semana, chamalas, dicíndolle que non estaban facendo nada malo, que había que deixar isto nas mans dun xulgado, que iso era un seguimento e que o íamos conseguir. Tes que acompañar a esa persoa e manter a claridade. Unha lei non pode terte a ti na ilegalidade, que ridículo! Prohibirte ter unha actividade!

✓ **Hai algún Encontro nestes 20 anos que lembres de maneira especial? Por que?**

Todos os Encontros da Secretaría teñen maxia, todos, non sei como nos arranxamos pero creamos unha maxia espectacular, de verdade, e cada vez que non podía acudir a algún levábao no corazón, *estou con vós*, pensaba, *estou con vós*. Teñen unha maxia tan forte, unha enerxía que te atrapa. Nestes Encontros é onde se ve que somos parte do todo e que o todo está en nós. Alí demostra-

mos que somos unha *piña*. Isto manifestouse dunha forma brutal na illa de San Simón. Houbo un momento no que se fixo un taller que impartiu Tareixa Ledo, que consistía en facermos un círculo, que logo se rompía. Eramos máis de 100 mulleres e a sala non era máis grande que este espazo. Era como un pavillón. Entón rompía o círculo e a cabeza do círculo. Iamos facendo como oitos sin entrelazarse nunca. A maxia era entón que nos mirabamos ao ollos e nos sorriamos. Falabamos cos xestos. Había un silencio marabilloso. Saíu perfecto. Aínda que nos viramos por primeira vez xa nos coñecíamos. *Es muller labrega, estou contigo, ti estás comigo*. Ao rematar o círculo houbo un berro seco de todas á vez

✓ **Cando comezaches a estar vinculada co SLG, como era o papel das mulleres na organización daquela? Cales son as diferencias máis grandes que notas dende o comezo até o día de hoxe?**

No Sindicato non é que poida falar moito agora, pero coñézovos e véxovos felices e iso gústame. Eu sempre digo o mesmo: creo que tiven máis dificultades no meu traballo no Sindicato pola miña idade que por ser muller. Cando comecei tiña 24 ou 25 anos e sempre que me facían entrevistas prefería facer por teléfono para que non viran a miña idade. Tiñamos que or-

ganizarmos para que as cousas fosen a bo fin. Ás veces dise que te asocias con quen te fai medrar. A min o SLG fíxome medrar máis. Eu ía a por todas. Levaba toda unha provincia. Como muller a min non me custou nunca nada.

“Es muller labrega, estou contigo, ti estás comigo”

✓ **Actualmente aquí neste espazo en Vedra está renecendo un proxecto. Cóntanos.**

Temos unha empresa que se chama Hortasan. Foi creada por min cando deixo o Sindicato en 2012. Para min Hortasan é traballar a terra en compañía. Quería crear un traballo grupal de xente, crear a filosofía de estarmos coa terra, mimala, sacar un alimento especial e explicarlle á xente porque ese alimento lle dá a vida. Logo, por temas de enfermidade da familia, tiven que abandonar o proxecto e reducir Hortasan ao punto de venda coa produción.

Unha vez que morre miña nai e o meu fillo e as miñas fillas son máis grandes e teño todo este espazo marabilloso é cando rexorde Hortasan. Hortasan é un espazo grande para cultivar e queremos que se integre xente nova. Hai agora mesmo 4 hectáreas para cultivar e temos distintas propostas de cultivos. Outro dos piares fundamentais do proxecto é a comercialización e estamos creando cooperativas de consumo en distintos puntos de venda. Levo dous anos traballando neste rexurdir de Hortasan e neste 2024 é o momento!

ISABEL VILALBA ▶ Gandeira de Lourenzá e actual Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, foi responsábel da Secretaria das Mulleres dende o 2002 até o 2012

“Un espazo para que as mulleres de distintas comarcas se xunten e tomen a palabra”

✓ Isabel, ti fuches responsábel da Secretaría das Mulleres durante unha década. Dende 2002 a 2012, momento no que asumes a Secretaría Xeral do SLG. É dicir, cando se celebra o primeiro Encontro da Secretaría das Mulleres en Allariz, no ano 2004, ti eras a responsábel.

Naquel momento eu era a responsábel da Secretaría das Mulleres, pero eramos un colectivo. A Secretaria Xeral era Lidia Senra. Xa tiñamos feito actividades puntuais de diversas temáticas con anterioridade, por exemplo, a nivel formación realizáramos previamente charlas sobre os dereitos das mulleres, sobre cuestións que nos afectaban no plano profesional, sobre a situación xurídica das mulleres, tamén a nivel da titularidade, das herdanzas, charlas sobre dereitos sexuais e reprodutivos, é dicir, actividades que se ían dando en distintas comarcas. Pero a nós parecíanos importante consolidar unha liña de traballo, que non fora algo espontáneo, senón construírmos liñas de traballo que se foran asentando. Unha das cuestións que nos parecía moi

“Parecíanos importante consolidar unha liña de traballo, que non fora algo espontáneo”

relevante era o feito de que as mulleres labregas tiveramos espazos de encontros que tiveran varios fins: coñecer mulleres das distintas comarcas e facer unha articulación dende esas comarcas; crear un espazo no que puideramos profundar nos temas da actualidade e traer profesionais de distintos ámbitos para formarnos neles; e termos a posibilidade de coñecer o país e a realidade das mulleres que producen na costa, no interior, que están vivindo nunha zona de montaña e afondar neses coñecementos.

✓ Que lembrás dese primeiro Encontro?

Historicamente trasladóusenos ás mulleres que o espazo público era o espazo para os homes, onde eles participaban de maneira natural. Moitas veces as mulleres tiñamos máis dificultade para trasladar as nosas vivencias, para falar en público, porque se consideraba ás veces que a nosa palabra non era válida ou que non tiñamos os coñecementos suficientes. Por iso falamos de facer un espazo onde as mulleres se puideran xuntar e se sentiran nun ámbito de seguridade. A idea era xuntármonos tres días. Eu lembro aquel primeiro encontro con medo e pensar “non se vai apuntar ninguén”, porque claro, dislle a unha muller labrega que ten que deixar tres días a súa casa, os coidados das persoas que teñen ao seu cargo, e todas esas cuestións para acudir a un espazo onde se van for-



Retrato de Isabel Vilalba no mes de xaneiro diante do local do SLG en Compostela.

“A idea era xuntármonos tres días (...) para moitas mulleres foron como as súas primeiras vacacións”

mar, para compartir con outras compañeiras e deseñar propostas...para moitas mulleres foron

como as súas primeiras vacacións. Pero ao final houbo moi boa participación e foi moi satisfactorio. Neste primeiro encontro xurdiu esa vontade de dicir “queremos seguir participando e facendo propostas”. Coñecéramos casas de turismo rural que había naquel momento en Allariz con proxectos moi chulos. Lembro que había proxectos alí na propia vila de Allariz moi interesantes dende o punto de vista social ou do patrimonio.

✓ **Celebramos neste 2024 20 anos de encontros. Como indicabas, teñen lugar por distintos sitios da Galiza. Hai algún co que conectaras dun xeito especial? Aínda que varias compañeiras confesaron que todos os encontros teñen unha maxia especial, todos. Para ti como responsábel da Secretaría das Mulleres naquel momento, como Secretaria Xeral do SLG e como muller labrega, que significan estes encontros?**

Efectivamente hai unha enerxía especial e establecemos lazos de confianza e de complicidade con mulleres doutras partes da Galiza, e iso é marabillioso. Por outra banda, estes encontros permitiunos ter a presenza de mulleres que son auténticos referentes no feminismo e que pasaron por estes encontros e que os fixeron máis ricos porque nos permitiron profundar nos temas. Por exemplo, na Illa de San Simón, estivemos nun espazo de memoria histórica cun simbolismo moi grande; ou cando estivemos coas mulleres de Muxía nun momento que había grandes proxectos moi agresivos polo seu territorio; ou cando estivemos tamén en territorios de montaña, por exemplo na zona de Cervantes coñecendo a realidade que estaban vivindo alí, moitas nenas que teñen que andar longas distancias de autobús porque quitaron as escolas desas zonas de montaña, e moitas rapaciñas e rapaciños moi novos teñen que ir vivir á cidade porque non teñen instituto próximo.

“Hai unha enerxía especial e establecemos lazos de confianza e de complicidade con mulleres doutras partes da Galiza, e iso é marabillioso”

“Son vivencias moi diferentes que nos enriquecen moito”

Para min foi importante poder ir coas compañeiras da Secretaría das Mulleres neses encontros anuais a escoitar grupos culturais de auténtica referencia a nivel galego, como cando fomos ver a actuación do grupo Chévere, ou cando fomos ver algunha muller cantante de jazz. Cando fora o Encontro de Ribadeo as mulleres tamén nos articulamos, naquel momento había loitas moi importantes para a sociedade galega, como é a defensa do territorio ou a defensa da sanidade pública. Houbo algún momento no que tamén había campañas moi potentes da Marcha Mundial das Mulleres e a Secretaría das Mulleres participou deses encontros internacionais. Tamén lembro cando estivemos na zona de Betanzos, no Pazo de Mariñán. Son moitas cousas nestes 20 anos e custaríame quedarme cunha. Son vivencias moi diferentes que nos enriquecen moito.

✓ **Falabamos da importancia que teñen estes encontros para entrarmos no espazo público e termos a palabra. Podemos dicir que o establecemento destas xuntanzas anuais marcaron un ante e un despois no papel das mulleres dentro da nosa organización?**

Eu creo que si. Previo a estes encontros xa había iniciativas moi importantes, xa se levaran ao xulgado algúns casos de mulleres como o feito de poder acceder á titularidade das súas granxas, ás mulleres que se lle denegaban poder cotizar á seguridade social agraria, etc., pero foi o momento no que se

comeza a consolidar un traballo continuado, onde se comezan a marcar propostas para os nosos dereitos profesionais, para artellarlos con outras mulleres e reivindicar os nosos dereitos como mulleres, e tamén propostas de cara á propia organización, como foi traballar para conseguir a paridade, coidarmos que houbera mulleres nos espazos de decisión, termos formación para ir dando pasos nese camiño. Foi importante para consolidar eses espazos pero eu sobre todo destaco que foi un espazo importante para que as mulleres de distintas comarcas se xuntaran e tomaran a palabra e mesmo estableceran lazos de traballo e confianza.

“É un espazo onde a participación das mulleres labregas é moi boa, o balance é positivo, debemos coidado para que siga sendo así”

✓ **Moitas das mulleres participantes coas que tivemos a oportunidade de conversar estaban de acordo con que nestes encontros vían que as súas problemáticas e a realidade son semellantes ás doutras mulleres rurais: “os seus problemas eran os meus”, dicían. A participación naquel primeiro momento en Allariz foi moi boa. E agora, 20 anos despois, neste Encontro en Chantada tamén!**

É un espazo onde a participación das mulleres labregas é moi boa, o balance é positivo. Isto é importante e debemos coidado para que siga sendo así. E si, eu creo que foi fundamental o feito de que moitas mulleres viran que a problemática que están vivindo non é algo individual, senón que é algo que tamén comparten as compañeiras, e iso é esencial para realizar propostas e superar as dificultades.

tades.

✓ **Hai algunha cousiña máis que queiras engadir antes de finalizar a conversa?**

Moitas veces hai un recoñecemento das mulleres labregas e das mulleres do rural, pero ese recoñecemento ten que converterse en resposta ás necesidades que temos, porque senón é un recoñecemento velenoso. Ás veces as institucións dan un recoñecemento dun premio, pero despois non teñen en conta as dificultades que temos no rural, porque non hai escolas preto, porque non hai un servizo axeitados cando unha persoa ten un problema de saúde ou porque ademais deses pequenos proxectos que temos as mulleres moitas veces temos que concilialo con coidados familiares. Entón ese recoñecemento temos que convertelo nunha solución real e que se atendan as dificultades das mulleres do rural.

Por exemplo, unha das loitas máis importantes que levamos dende a Secretaría, e que deu resultados moi importantes, foi a da Titularidade Compartida. Gañámola. É certo que aínda temos que seguir apoiando e impulsando que cada vez máis mulleres se rexistren, pero conseguímolos. Medias como esta son as que significan un apoio real ás mulleres que producimos alimentos.

É unha cuestión de xustiza. Os valores que levamos achegando historicamente á sociedade son enormes: en termos de coidados, de conservación da cultura, do idioma, da biodiversidade, de achegar a moitas familias unha parte fundamental para que sigan adiante e para que o rural siga habitado e con vida. Entón dende as administracións públicas e dende o conxunto da sociedade debe poñerse isto en valor e que non se pense que na agricultura só importan os grandes proxectos.

“É unha cuestión de xustiza”

MARÍA FERREIRO ▶ É gandeira en Curtis e actual responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, cargo que exerce dende o ano 2012

“O noso espazo propio ten que existir e é este”



A actual responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, no local do SLG en Compostela, no mes de febreiro.

✓ **Es responsábel da Secretaría das Mulleres dende o ano 2012. É dicir, levas 12 xa ao seu cargo. Agora que cumprimos 20 anos de Encontros Anuais, como te sentes ante este aniversario?**

Antes de nada quería resaltar que este é o 20 aniversario dos encontros anuais, pero non da Secretaría, xa que levamos bastante máis tempo, dende os anos 90. Efectivamente, eu collo a responsabilidade da Secretaría en 2012 cando Isabel Vilalba asume a Secretaría Xeral. No Encontro dese ano, que se celebrou en Teo, sae o meu nome como responsábel e até aquí. Con respecto a isto, sempre digo dúas cousiñas: primeiro, a responsabilidade é colectiva, no sentido de que somos unha organización formada por persoas e o que procuramos é que a voz

das persoas estea sempre presente, é dicir, parece o nome dunha persoa pero detrás estamos todas, somos un colectivo. Non somos nada sen o presente e sen o pasado, sen esa parte tremenda doutras mulleres que fixeron antes ca nós, e no presente necesitamos estar arroupadas por moitas mulleres.

✓ **Ti comezaches moi noviña no SLG. Dende a túa experiencia, como cres que cambiou o papel das mulleres dentro da organización dende aquela?**

Creo que influíu moito o papel das mulleres que nos precederon. Houbo mulleres coas cousas moi claras, en canto feministas, en canto á situación no mundo, pensando onde están colocadas as mulleres e onde nos sitúa esta estrutura social e cultura do mundo.

Houbo mulleres moi potentes como a propia Lidia Senra, Concha da Agolada, etc., mulleres que foron facendo camiño e nos fixeron ver tamén ás outras compañeiras da organización. Lidia, cando ocupou a Secretaría Xeral, non lle servía con iso, ela quería que as mulleres participaran tamén dentro da organización en igualdade. Para min hai un momento transcendental dentro da organización que eu

“Sempre se traballou pensando neses Encontros como encontros para mulleres afiliadas labregas”

vivo que foi cando se aproba no Congreso de 2007 a lei de paridade.

✓ **Este ano, o 2 e 3 de marzo en Chantada, celebramos 20 anos de Encontros da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, dende aquel primeiro encontro que tivo lugar en Allariz no ano 2004. Que significan para ti estes encontros colectivos con outras mulleres, María?**

A importancia destes encontros podemos situada a dous niveis: por un lado, no sentido de que as mulleres teñamos un espazo propio e manter certa actividade a nivel comarcal, tamén para facilitar a participación de mulleres; e por outro, polo feito de que se manteña anualmente. En canto ao primeiro punto, por unha cuestión moi clara, é como irrenunciábel dentro da organización que precisamos os nosos espazos propios aos que levar temas que nos interesan e as nosas preocupacións, espazos de formación e información e debate entre as mulleres son cruciais para a organización e agora celebramos o 20 aniversario deses encontros, que salvo por excepcións puntuais acontecidas en dous anos, sempre se mantiveron, e sempre se traballou pensando neses encontros como encontros para mulleres afiliadas labregas, para as mulleres da nosa organización. O noso espazo propio ten que existir e é este, o Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego. Nel debatemos e sacamos propostas.

✓ Afondamos un chisco máis neste espazo propio?

Tentamos poñer as datas da súa realización en fin de semana para facilitar a participación das mulleres. Logo tamén temos un tempo para a convivencia, que é fundamental. Necesitamos participar en espazos nos que nos atopemos seguras e nos que acabemos compartindo con outras mulleres as nosas experiencias para enriquecernos, como mulleres, e como mulleres labregas, para establecer lazos e alianzas entre nós. Ás veces pode haber mulleres do norte, do sur, da Mariña, etc., que non teñen ocasión de verse de maneira regular, e estes espazos de convivencia tamén están pensados para que poidan xuntarse e comentar e ver que a maioría das cousas que nos suceden non nos pasan de xeito individual. É certo que eu podo vivir unha situación de desigualdade, estouna vivindo eu, pero esa situación probablemente xa lle aconteceu a moitas outras mulleres. É moi enriquecedor esta idea do colectivo e que mulleres de diferentes zonas e diferentes producións con realidades diferentes se poidan xuntar e descubrir que viven situacións parecidas.

“Necesitamos participar en espazos nos que nos atopemos seguras e nos que acabemos compartindo con outras mulleres as nosas experiencias para enriquecernos como mulleres, e como mulleres labregas”

Ademais os encontros rotan por localidades e é moi bonito e chulo ir visitar determinadas zonas do noso territorio que non coñeciamos e se coincide tamén ir ver unha obra de teatro ou algunha actuación. Entón tamén é importante nese senso o noso crecemento persoal, porque ás veces as labregas do rural temos poucas oportunidades de acceso a ese tipo de eventos de temas culturais, e logo tamén para rachar esa frase de que “non sabemos”. Pois igual na casa fomos as únicas en ir ver, ou saber, e podemos contarlle aos demais. *Eu estiven alí, eu vin.*

“Eu estiven alí, eu vin”**✓ Este ano celebramos o aniversario en Chantada, como foi este XVIII Encontro?**

Como é o 20 aniversario queriamos que fose un encontro con varias partes: unha de reflexión, no sentindo de repensar o traballo conxunto que fomos facendo nestes 20 anos, os temas que fomos debatendo; outra parte arredor da visibilidade e do recoñecemento que como mulleres e como mulleres labregas somos quen de manter; e un terceiro aspecto é o apoio e axuda de compañeiras aliadas especializadas en cada campo de coñecemento, como é o da saúde ou das violencias, referentes que nos viñeron explicar e formar buscando sempre a alianza. Entón nesta edición quixemos facer como esta pausa reflexiva e repensarnos a nosa historia nestes 20 anos e os camiños que fomos percorrendo con outras aliadas. Ademais desas partes tivemos un momento de intercambio e de compartir que significou para nós, mulleres labregas, ter participado en determinados eventos, como por exemplo, unha dirección, como pode ser a do leite, onde a maioría dos compañeiros eran homes, ou que significou ser escollida presi-

“Nesta edición quixemos facer unha pausa reflexiva e repensarnos a nosa historia nestes 20 anos”

denta dunha cooperativa, é dicir, traballar a traxectoria de mulleres labregas nestes 20 anos e partillar, que significou para elas a Secretaría das mulleres, etc. E logo houbo outra parte onde analizamos a nosa relación con outras organizacións labregas. Por outra banda, visitamos, como non podía ser doutra forma na Ribeira Sacra, unha bodega da zona en aquel sitio tan espectacular como é ese. Parecíanos importante ver un proxecto dunha muller, pero tamén que as mulleres participantes tamén viran todo ese patrimonio que temos na Ribeira Sacra.

“Outro tema froito deste debate foi termos introducido dentro do manifesto destas mobilizacións o termo Soberanía Alimentaria que como mulleres labregas é para nós unha demanda directa nosa”

✓ É dicir, este Encontro tivo unha parte importante de reflexión e lectura do percorrido realizado nestes anos.

Si, eu creo que as reflexións poden ser moi enriquecedoras para todas, arredor das que vaíamos aprendendo ou desaprendendo e facendo camiño, para recoñecernos e tamén para festexar, non? Que iso é importante, neste mundo ás veces tan fatalista e tan cheo de loitas, ás veces tamén é necesario pararnos e vernos e avaliar o que fomos facendo.

✓ Hai algo máis que queiras engadir antes de finalizarmos a entrevista?

Neste aniversario de Encontro, quería resaltar que para nós, como mulleres labregas, dentro e fóra da organización, a importancia que tiveron as folgas feministas. Primeiro, termos sido das primeiras, xunto coa CUT, en convocar a primeira folga feminista aquí é un fito importante; e segundo, que foi unha folga laboral, de coidados e estudantil, pero sobre todo en canto ao tema dos consumos e coidados. Para nós, como mulleres, eses dous puntos están relacionados con nós, pero como labregas o consumo conéctanos directamente, porque ao final somos consumidoras como todas pero tamén somos produtoras. Introducir estes conceptos deunos para falar moito como mulleres labregas. Outro tema froito deste debate foi termos introducido dentro do manifesto destas mobilizacións o termo Soberanía Alimentaria que como mulleres labregas é para nós unha demanda directa e concreta nosa.

“Neste mundo ás veces tan fatalista e tan cheo de loitas, ás veces tamén é necesario pararnos e vernos e avaliar o que fomos facendo”

Campaña a prol da saúde laboral das mulleres labregas

TRABALLA SEGURA

Campaña para reducir
os riscos laborais
e enfermidades
profesionais
das mulleres
do sector
agrario

Contacta co teu local
do Sindicato Labrego
Galego de referencia



BIEITEIRAS ▶ Cynthia Arias Ramil é veciña das Pontes, e xunto ao seu compañeiro Iván Ledo Filgueiras sustentan un proxecto sustentábel e comprometido coa contorna

Resistencia e rebeldía por producir alimentos

✓ **Cynthia, antes de nada, contámos como e cando nace Bieiteiras.**

Nace no ano 2017. Eu estudaba enxeñaría civil, pero deixei porque non me gustaba. Logo non sabía moi ben que facer e miña nai, que é moi sabia, díxome un día plantando amorodos: "por que non estudas algún ciclo de agricultura ecolóxica que a ti sempre che gustou isto?". Entón fun a Pontearreas a estudar o ciclo de produción agroecolóxica. Despois fixen as prácticas en Irlanda e alí descubrí que iso é o que quería facer. Os meus pais tiñan unhas poucas terras e decidín comezar.

✓ **Que tal as prácticas en Irlanda? Gustáronche?**

Si. Eles dedicábanse á horta e vendían directamente. Collían as persoas para ensinalles e que aprenderan todo o que eles sabían. Para min foi a mellor experiencia de todas.

✓ **Canto tempo duraron?**
Dous meses e medio.

✓ **E logo regresaches coa idea de montar o teu propio proxecto.**

Si, comecei eu (o meu compañeiro Iván daquela traballaba noutra cousa). Solicitei a incorporación, concedéronma e xa montei un invernadoiro de 1000 metros e empecei a vender no mercado das Pontes.

✓ **O proxecto nace co nome de Aleira pero logo no 2021 cambia a Bieiteiras.**



Dende o Apparral, Cynthia e Iván produce hortalizas en ecolóxico que vende ás persoas consumidoras no mercado das Pontes, a través do reparto a domicilio e mediante os encargos na súa páxina web: <https://aleirahortaecoloxica.com/>

“O que facemos é cultivar coidando a terra e coidando a saúde das persoas”

Tivemos que cambiar porque á hora de rexistrar o nome dixerónnos que non podíamos manter ese porque había unha multinacional (que non o usa) cun nome moi parecido rexis-

trado. Entón cambiamos a Bieiteiras.

✓ **E por que Bieiteiras?**

Iamos paseando o meu compañeiro Iván e mais eu mirando a natureza e foi algo que xurdiu. De repente el dixo "ah, Bieiteiro"! E eu dixen: "mellor en feminino, Bieiteira", e logo, mellor en feminino plural: "Bieiteiras". E despois busquei se había algunha empresa que se chamara así e non atopei nada. Ademais, descubrí uns

escritos de hai 300 anos máis ou menos nos que se dicía que Bieiteira era unha das formas que se utilizaban para chamarlle as meigas e as curandeiras, pois utilizaban o Bieiteiro para curar a xente. Entón pensamos que ese é un nome que encaixa moi ben con nós porque o que facemos é cultivar coidando a terra e coidando a saúde das persoas.

✓ **En que zona estades?**
En O Apparral, nas Pontes.



En Bieiteiras traballan principalmente con horta, pero tamén teñen ovellas e galiñas como complemento, para así utilizar os menos insumos posíbeis e facer uso do esterco dos seus animais. Na imaxe, Iván dándolle de comer a unha das galiñas.

✓ **Entón agora mesmo sodes dúas persoas no proxecto, ti e mais o teu compañeiro Iván, non?**

Si, o meu compañeiro traballaba na central de Ciclo Combinado que hai aquí nas Pontes. El é enxeñeiro industrial. Puido marcharse fóra e cobrar ben, pero como eu xa tiña este proxecto e el en realidade tamén quixo dende sempre dedicarse a isto, animouse e agora somos as dúas, porque a verdade é que estar unha soa nun proxecto é duro.

✓ **Producides de maneira ecolóxica, que tipo de produción tendes?**

Temos o máis variado que podemos: tomates, berenxenas, leitugas, xudías, fabas, cabazas, cabaciña, chícharos, etc. Quereamos ofrecer variedades xa que ir ao mercado só con dúas cousas non tería sentido. Tal e como producimos o monocultivo non sería o máis axeitado.

✓ **E por que apostaches polo**

ecolóxico?

Cando comezas a ler e estudar e ver os sistemas de produción actual que hai sentes que tes que tirar polo lado ecolóxico. Tentamos coidar a terra e aportarlle o que xa lle quitamos. Nós temos horta, pero tamén temos ovellas e galiñas, que non é o principal, pero tentamos complementar e tentar comprar os menos insumos posíbeis e así utilizar o esterco dos nosos propios animais.

✓ **Para a venda só tendes horta, non?**

Si, temos ovos tamén, un pouco como excedente. Imos ir aumentando, pero iso depende da capacidade que teñamos de chegar a ese límite. A visión de futuro si que é a de aumentar.

✓ **Como é o voso día a día no traballo?**

Comercializamos dous días, os martes repartimos a domicilio nas Pontes; e os sábados imos ao mercado das Pontes. Entón no día anterior apañamos.

Temos unha páxina web que é moi sinxela, máis doada que encargar por WhatsApp, na que actualizamos o stock o día anterior e xa nos chegan encargos por aí tamén.

✓ **Recibides moitos encargos pola páxina web?**

Si, de feito agora no inverno que hai menos produción, case non levamos nada ao mercado, xa está todo encargado.

✓ **Alén do reparto a domicilio e de estardes os sábado no mercado das Pontes, traballades con algún tipo de negocio?**

Si, nas Pontes vendemos ao Puxigo, sobre todo na tempada de grelos, son moi famosos por iso. De tendas imos a dúas en Ferrol, a Ecotenda e ao Mercado da Terra; e de Vilalba a Cuarto e Metade.

✓ **A fin de semana do 2 e 3 de febreiro tivo lugar o Encontro de Obradoiros Compartidos, en Vilarmaior. Un encontro**

onde que se reuniron diversos obradoiros compartidos de xestión pública, entre eles estivo o obradoiro compartido da Fusquenlla, no que ti tamén estás a transformar. Podes falarnos deste obradoiro compartido e do teu traballo nel?

Pois a verdade é que era algo que xa facía tempo que quería realizar de xeito individual, pero era imposíbel porque é unha inversión moi grande para unha horta tan pequena. Entón para nós foi unha oportunidade, porque nas Pontes o problema é que no verán baixa a poboación e é cando máis produción temos, e non queríamos buscar só un mercado de verán porque é difícil só ir dous meses e non ter clientela fixa. Queríamos transformar para vender á clientela que xa tiñamos nas Pontes, e para nós foi unha oportunidade grandísima. Este verán traballamos moitísimo para poder sacar produción e xa temos sete produtos diferentes. Hai un traballo moi grande detrás de verificación, de receitas e de análise. Este ano xa comezamos a vender as primeiras conservas e para o ano contamos con poder transformar todo o excedente.

“Os martes repartimos a domicilio nas Pontes, e os sábados imos ao mercado das Pontes”

✓ Este tipo de iniciativas de obradoiros compartidos son espazos colectivos de transformación agroalimentaria. Cal cres que é a súa importancia para a sociedade e a súa repercusión para o noso futuro?

Para min é como un soño feito realidade. O feito de comezar, traballar co resto de compañeiras e compañeiros, xa que non só nos axudamos na receita, senón que nos damos trucos para cultivar, estamos compartindo sementes, vendo cales son mellores para transformar, e tamén o feito de que sexa unha iniciativa pública. Esperemos que sexamos exemplo para outros concellos e que isto se faga en máis sitios porque a verdade é que para as producións pequenas como nós, de venda directa, é unha axuda moi grande.

✓ Sodes persoas novas Iván e mais ti, persoas novas comprometidas no medio rural. Este anaco de texto que puxestes das redes, cando anunciastes que mudabades de nome, xa o di todo: "Non é un simple proxecto para lograr uns ingresos e ter unha vida digna é moito máis, é unha forma de vida. Poder ofrecer á xente da nosa vila alimentos de calidade, ecolóxicos e de cercanía é un soño feito realidade. Pero tamén é duro, ás veces considerámonos como a resistencia cando deberíamos ser máis, moitos máis os que víramos na terra o sustento dunha sociedade sa". Afondas algo máis nesta idea?

É tan necesaria a produción de alimentos! Estamos dándolle pouca importancia porque se acabou facendo todo de forma industrial, e non lle estamos dando a importancia que deberíamos á produción de alimentos. E logo tamén é unha vantaxe o feito de poder facelo de forma familiar, axudándose ou para conciliar. Nós vivimos xusto onde temos a horta e iso axuda moito. Alén diso, nós non nos criamos para ser labregas.



Unha fotografía dos produtos nunha feira no Lago das Pontes en agosto de 2022.

“Non nos criamos para ser labregas, somos unha xeración á que lle dixeron que debía escapar de aí”

Somos unha xeración á que nos dixeron que debíamos escapar de aí e que nin se propoñía que puideramos dedicarnos a isto, como si que se nos dicía para estudar dereito, unha enxeñaría, ou o que sexa. Nin na educación nin o profesorado nos din que existe esa posibilidade. Ninguén pode ser labrega agora, é como que non é unha opción, por iso tamén o de resistencia e rebeldía por producir alimentos.

✓ A día de hoxe, logo de tomar a decisión de deixar os estudos para centrarte no teu proxecto, polo que vexo non te arrepintes en absoluto, verdade?

Non, para nada! E iso que tamén hai días duros. Ás veces tamén ando con estrés porque estou con mil cousiñas diferentes. Ao final temos que saber tamén de marketing, soldar... un pouco de todo! Pénsase que estamos aquí escoitando os paxariños e tam pouco é así.

“Queremos lanzar TikTok para ver se damos chegado a xente máis nova, moitas veces é a que está máis concienciada coas formas de producir”

✓ E agora que falas do marketing, vós sodes moi activas nas redes. Tedes Instagram, Facebook, páxina web, etc. Algunha rede máis? Sen dúbida é unha forma de estar visíbel e adaptarse ao novos tempos. Tedes fotos fermosísimas!

Non tanto como nos gustaría! Eu non son unha persoa moi organizada, pero teño moitísimas ideas, e iso ás veces é o que me produce estrés. Pero tentamos estar o máximo posible. Agora queremos lanzar tamén TikTok para ver se damos chegado á xente máis nova, porque ao final a maioría da clientela son dunha idade a partir de 40, entre 50 e 60, e moitas veces a xente nova é a que está máis concienciada coas formas de producir pero non estamos chegando a esa xeración como clientela. Temos que ir innovando.

✓ Nótase que o coidas porque tedes as redes moi xeitosas.

Teño unha amiga que é deseñadora gráfica e sempre lle consulto a ela. Gústame ter todo ben coidado, como a páxina web, porque iso tamén é unha maneira de visibilizarnos e chegar a novos públicos.

✓ E polas redes tamén vos contactan persoas para realizar produtos ou só pola páxina web?

Pola páxina web. Eu recomendo a outras persoas labregas facer unha páxina web porque é moi sinxela, que non pide nin correo electrónico, fixémosla xa pensada para a xente de idade que igual non está acostumada a comprar por internet. É só como unha páxina de encargos que axuda moito, porque senón tiñamos que estar todo o día pendente do móbil e eu sempre lles digo que non pasa nada, que non teñan medo, que a única persoa que está do outro lado son eu e que se teñen dúbidas poden chamarme ou escribirme ao WhatsApp. Entón é moi doado. Ademais coñecemos á maioría da xente que nos encarga.

DEREITOS LABREGOS ▶ Composta por 28 artigos, a Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais

Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais

Dende 1993, por medio de La Vía Campesina, millóns de persoas que viven en áreas rurais advertiron ao mundo do desastre. Despois dunha década de mobilizacións e loita para contrarrestar a crecente expansión do capital internacional, La Vía Campesina propuxo e iniciou unha campaña a prol dun instrumento legal internacional para a defensa dos dereitos dos pobos aos seus territorios, sementes, augas e bosques.

Durante 17 longos anos, labregas e labregos, traballadoras e traballadores, pescadoras e pescadores e pobos orixinarios de Asia, África, as Américas e Europa negociaron con paciencia e persistencia dentro e fóra do Consello de Dereitos Humanos da

Organización das Nacións Unidas, compartindo as súas historias de expropiación e desolación. Este proceso de negociación serviu como catalizador e permitiu abordar a campaña con maior vigor.

O 18 de decembro de 2018, estes esforzos finalmente deron o seu froito e a Asamblea Xeral da Organización das Nacións Unidas adoptou a Declaración da ONU de dereitos de labregos e outras persoas que traballan en áreas rurais (UNDROP, polas sus siglas en inglés). Esta Declaración non só considera ás labregas e aos labregos como meros "suxeitos de dereito".

Tamén reconece ás labregas e aos labregos e ás persoas que habitan zonas rurais

como axentes fundamentais para superar as crises. Esta Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais. Ademais, senta unha xurisprudencia e unha perspectiva xurídica internacional para orientar a lexislación e as políticas públicas e todos os niveis institucionais en beneficio das que alimentan o mundo.

O núcleo céntrase no dereito á terra, ás sementes e á biodiversidade, así como en varios dereitos colectivos ancorados na Soberanía Alimentaria. Está composta por 28 artigos (que iremos amosando nos seguintes Fouces), correspondéndose o cuarto á non discriminación cara ás mulleres.

ARTIGO 4: NON DISCRIMINACIÓN CARA ÁS MULLERES

1. Os estados adoptarán tódalas medidas axeitadas para erradicar tódalas formas de discriminación das labregas e outras mulleres que traballan nas zonas rurais e para promover o seu apoderamento de maneira que poidan desfrutar plenamente, en pé de igualdade cos homes, de tódolos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e obrar polo desenvolvemento económico, social, político e cultural do ámbito rural, participar nel e aproveitarlo con total liberdade.

2. Os estados velarán por que as labregas e outras mulleres que traballan nas zonas rurais desfruten sen discriminación de tódolos dereitos humanos e as liberdades fundamentais establecidos na presente Declaración e noutros instrumentos internacionais de dereitos humanos, en particular os dereitos a:

- Participar, en condicións de igualdade e de maneira efectiva na formulación e execución dos plans de desenvolvemento a tódolos niveis;
- Acceder en condicións de igualdade ao máis alto nivel posíbel de saúde física e mental e, en particular, a centros de atención sanitaria, informacións, consellos e servizos de planificación familiar axeitados;
- Acollerse directamente aos programas de seguridade social;
- Acceder a tódolos tipos de formación e educación, formal ou informal, incluídos os cursos de alfabetización funcional, así como a tódolos servizos comunitarios e de divulgación, co fin de aumentar as súas competencias técnicas;
- Organizar grupos de autoaxuda, asociacións e cooperativas a fin de acceder en condicións de igualdade ás oportunidades económicas mediante o emprego por conta propia ou por conta allea;
- Participar en tódalas actividades comunitarias;
- Acceder en condicións de igualdade aos servizos financeiros, os créditos e préstamos agrícolas, os servizos de comercialización e as tecnoloxías



apropiadas;

h) Acceder en condicións de igualdade á terra e os recursos naturais, e poder utilzalos e xestionalos en pé de igualdade, e obter un trato igual ou prioritario nas reformas agrarias e nos plans de reasentamento;

i) Ter un emprego decente, gozar de igualdade de remuneración e acollerse ás prestacións sociais, e acceder a actividades xeradoras de ingresos;

j) Estar protexidas de tódalas formas de violencia.

A agroecoloxía, Cuba e o mundo

por Brais Álvarez



Modesto Abreu da dirección da ENAP explicando distintas técnicas de labrado.

Imaxinade que un día de boa mañá erguédesvos da cama e a fábrica á que lle mercabades o abono químico non pode producir por falta de materia prima, que a fábrica do penso non pode facelo porque non pode importar soia ou millo ou que non hai petróleo para traballar co tractor e maquinaria... Isto que soa a ciencia ficción é o que lle aconteceu a Cuba a finais de 1991 cando a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS) e o Consello de Axuda Mútua (COMECON) -organización de cooperación económica impulsada polo bloque socialista- desapareceron. Á desaparición dos gobernos aliados a Cuba dende a Revolución de 1959 hai que sumarlle un embargo económico imposto polos “yankees” dende o ano 1961, que limitaba enormemente os países cos que Cuba podía ter relacións e comerciar. Este embargo económico, froito da vinganza dos EE.UU contra a revolución Cubana que lle quitara aos “yankees” o dereito a colonizar Cuba e explotar ao pobo cubano, non ía afrouxar nun momento no que os principais aliados do goberno de Fidel Castro xa non existían. Máis que nunca a finais de 1991 os EE.UU vían moi de preto a súa vitoria sobre o goberno e o pobo Cubano.

A revolución dos 60

Dende comezos dos anos 60 o pobo Cubano experimentara a calor da Revolución, un aumento sen precedentes da súa calidade de vida. Cómpre recordar, por exemplo, accións como a Campaña Nacional de Alfabetización de Cuba, que reduciu o analfabetismo dun 47,1% a un 1% e escolarizou a 600.000 nenos e nenas que non ían á escola en zonas rurais, a campaña pola Reforma Agraria materializada en dous procesos onde se partía dunha realidade onde o 1,5% dos propietarios controlaban o 47% da terra de Cuba, as campañas de vacinación e sanidade para toda a poboación que aumentou a esperanza de vida en 10 anos dos 62,3 de 1959 aos 71,3 de 1969, ou a Reforma Urbana pretendía garantir que todas as persoas de Cuba accedieran a unha vivenda digna.

Este *desarrollismo* veu dado fundamentalmente pola vontade política dun pobo revolucionario que quería acabar coas desigualdades entre o pobo cubano e que todo o mundo puidera desenvolver unha vida plena como ser humano onde as súas necesidades básicas estiveran cubertas. Para isto, durante case 30 anos Cuba e a URSS mantiveron unha estreita colaboración onde Cuba producía e exportaba cara a Europa do leste milleiros de toneladas de caña de azucre e café, e a URSS e o COMECON subministraban á illa todo o preciso para producir estes produtos e outros bens de primeira necesidade.

Entre os días 4 e 11 de febreiro unha delegación de nove labregos e labregas mozas da Escola de Acción Campesíña do Estado español e de diversas organizacións agrarias como o Sindicato Labrego Galego ou EHNE Bizkaia tivemos a oportunidade de coñecer de primeira man, e grazas a Asociación Nacional de Agricultores Pequenos (ANAP), como foi o proceso de transformación agraria na illa de Cuba logo da caída da URSS. Puidemos visitar granxas e hortas das provincias de Artemisa e Bayamaco (Cuba), compartir horas e horas de debate e aprendizaxe coas nosas compañeiras labregas cubanas e comprobar de primeira man como outro modelo de produción máis sostíbel e eficiente é posíbel, aínda que deste xeito os grandes grupos como Coren, Monsanto ou Bayern deixen de ter sentido.

Reforma agraria

Até finais dos 80 Cuba producía os seus alimentos mediante un sistema industrial, importando sulfatos, abonos químicos e petróleo de tres países para garantir a produción que logo exportaban, e todo aquilo que non se producía na illa era importado. Co bloqueo provocado polas razóns máis arriba comentadas, Cuba viuse nunha situación onde a súa terra agraria estaba labrada de café e caña de azucre e non se podía producir e aínda que se producira non había a quen importar por mor do embargo, por primeira vez en 32 anos o pobo cubano podía volver pasar fame. Había dúas opcións: renderse aos *yankees* ou inventar solucións. O tempo demostrounos que o pobo Cubano optou por inventar solucións e no campo non ía ser menos. Cuba precisaba producir alimentos de xeito inmediato e poder alimentar con calidade o seu pobo, e tiña que producir alimentos sen fertilizantes, sen abonos químicos e incluso nalgunha época moi concreta sen petróleo.

Durante os anos 70 e 80, á calor da reforma agraria, puxéranse milleiros de hectáreas en mans de labregos e labregas sen terra que pasaron a ser propietarios/as ou usufrutuarios/as dos inmensos latifundios que antes traballaban para empresas americanas como a United Fruit Company, e constituíron cooperativas de dous tipos que aínda hoxe son a base fundamental do sistema agrario cubano: as Cooperativas de Servizos Agropecuarios e as Cooperativas de Producción agropecuaria.



Unha imaxe dos sistemas mixtos de produción mesturando diversos produtos.

Agroecoloxía

No contexto da crise anteriormente falada, a Asociación Nacional de Agricultores Pequenos (ANAP) -compuesta por máis de 200 mil labregos cubanos- e o goberno debateron e buscaron o xeito de producir alimentos entendendo que antes da chegada do petróleo, dos abonos sintéticos e dos fertilizantes tamén se producía alimentos. Déronse de conta que os seus avós e antepasados crearan uns sistemas agroalimentarios resilientes a pragas e cuns custos de produción moi baixos, baseados no comercio local e non dependentes de insumos e importacións. En definitiva, en Cuba a principios dos anos 90 entenderon que a produción agraria non pode ir desligada da terra nin dos ciclos desta.

Este modelo é o que hoxe chamamos Agroecoloxía, termo acuñado incluso despois de que en Cuba se desenvolvera un sistema agrario agroecolóxico a través do programa “Campesino a Campesino”, que consistiu en recuperar e buscar todas aquelas formas de produción tradicional e resilientes que en poucos anos, a través do boca a boca entre as labregas, transformou o mapa agrario cubano e conseguiu subsistir á súa maior crise da historia e non ter que dobregase aos *yankees*.

“Agroecoloxía: termo acuñado incluso despois de que en Cuba se desenvolvera un sistema agrario agroecolóxico a través do programa “Campesino a Campesino”

Cuba demostrouse así mesma e ao mundo que outro modelo de produción agropecuaria é posíbel, que non é necesario gastar e gastar, importar e importar ou ter un monocultivo para ter unha granxa rendíbel, demostrounos ao mundo enteiro a importancia da soberanía alimentaria, da necesidade para manter a dignidade e a independencia como pobo, de ser soberanos, de que si é posíbel sobrevivir e producir alimentos para un pobo sen que se arruíne ninguén nin se faga rico a outra parte e, sobre todo, que si é posíbel producir alimentos de calidade e en abundancia sen explotar a outro ser humano e sendo responsábel co medio ambiente.

Un sistema agroalimentario de futuro

Por un momento volvamos ao comezo e aquilo que parecía ciencia ficción xa pasou unha vez. Alguén nalgunha parte do mundo levántouse unha mañá e ao arrincar o tractor non había petróleo, non había fertilizantes químicos, non había pesticidas e lonxe de renderse conseguiron seguir a producir alimentos prescindindo en gran parte diso.

Hoxe vivimos un ascenso imparábel dos custos de produción nas nosas granxas, seguimos a usar toneladas e toneladas de materia prima importada que cada vez nos custa máis, usamos litros e litros dun diésel que cada vez nós custa máis pagar e por contra os nosos produtos seguen a estar malamente mal pagados. Temos un sistema agroalimentario terriblemente dependente do que importamos e mercamos e moi marcado polos intermediarios que levan as nosas producións. Cuba ensinounos que temos dous camiños: rendernos e tentar que o capital máis salvaxe nos dea as súas migallas mentres vemos como seguen a desaparecer granxas e pobos ou a xente é máis pobre, ou dende a nosa parceliña, dende a nosa granxa ou horta, loitar por crear un sistema agroalimentario ao servizo dos intereses do pobo e que nos permita gañar máis con menos e, sobre todo, que permita garantir que temos un futuro como país e sociedade.



Vacas de leite pertencente a unha finca mixta de horta leite e porcino na provincia de Artemisa. Na fotografía de abaixo: Mural de Ubre Blanca, heroína nacional, nunha sala de muxido en Artemisa.



Recibimento ás labregas do Estado español nunha cooperativa produtora de leite. Abaixo: porquiños pequenos. Unha das estampas máis tenras da viaxe.



Axudas a persoas autónomas para a contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas

Aberto o **prazo até o 30 de setembro** do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas. O obxectivo da convocatoria é incentivar a contratación indefinida inicial e á formación de

persoas desempregadas realizadas polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio fiscal na Galiza. Para máis información, contacta co local do Sindicato Labrego da túa zona (código de procedemento **TR349F**).

Axudas ao emprendemento (para persoas autónomas)

Aberto o **prazo até o 28 de xuño** das subvencións ao emprendemento para as persoas traballadoras autónomas e pequenas e medianas empresas, incluíndo cooperativas

e sociedades laborais e mutualistas (código de procedemento **TR880A**). Para máis información, contacta co teu local do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas.

Axudas PAC 2024

Convócanse as axudas da PAC do ano 2024 mediante a Orde do 27 de febreiro (DOG número 49 do 8 de Marzo) para pagos asociados, ecorréximes, zonas con limitacións naturais e axudas agroambientais (códigos

de procedemento **MR250A, MR239G, MR239K, MR239O, MR240D, MR241C e MR241D**). Prazo de solicitude **aberto até o 30 de abril de 2024**. Para máis información, contacta co local do SLG da túa zona.

Axudas á reposición de animais

Aberto o **prazo até o 29 de novembro** das axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas granxas rexistradas na Galiza en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, tras o diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actua-

ción sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación; tamén se incluírán os casos de animais desas especies que morresen neses marcos sanitarios oficiais citados, e os casos de morte/sacrificio deses animais como consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación (código de procedemento **MR550A**).

Axudas por indemnización por sacrificio de animais en saneamento

Aberto o **prazo até o 29 de novembro** das axudas por indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia,

loita, control e erradicación das súas enfermidades (código de procedemento **MR553C**). Para máis información, contacta co teu local do Sindicato Labrego Galego.

Compensacións complementarias por sacrificio de animais en saneamento

Aberto o **prazo até o 29 de novembro** das axudas de compensacións complementarias en granxas de gando bovino, ovino e cabrún: Período de postautorización á reintrodución (código de procedemento **MR553B**); e das

axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún: Período de baleiro (código de procedemento **MR553A**). Para máis información, contacta co teu local do SLG-CCLL.

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982 183 019

Véndese

-Tanque de leite da marca Serap, de 3500 litros. Gorgullos - Tordoia
☎636 705 285 (Elisardo)

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndense

-Ovellas de boa raza.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Casa con finca en Sobrado dos Monxes
☎635 503 763

Véndense

-Esterco
-Ovos para casas e restaurantes.
☎981 446 501

Alúganse

-Cortes e fincas en Cabanas
☎981 446 501 (Rosa ou Javier)

Véndese ou alúgase

-Finca de 2ha, terreo de labradío, no lugar de Galan, Laro
Ten bo acceso a 400m do empalme de Laro
Ten auga
☎677 461 844

Véndese

-Can de palleiro auténtico (Víctor)
☎676 26 84 64

Véndese ou alúgase

-CASA con 2 naves e 14 has de terreo en Outeiro de Rei. (José Antonio)
☎982 060 865

Véndese

-Xuntador de herba Kuhn de 4 metros de Xunta
-Pinza cortadora de Ternias
-Estendedor de herba Zona de Carballedo (Lugo)
☎653 641 823

Véndense

- 3 dereitos (1,83 da rexión 18 e 1,15 da rexión 3)
☎641 680 585

Véndese

-Abonadora VICON de tractor
☎637 545 179 (Luz)
Véndese

Véndese

-Muíño de auga de dimensión 10 por 10. Bo estado, con 1ha de terreo xunto ao muíño
-Xatos e xatas de limousin (pais con carta) A 10km de Lugo
☎690 774 565

Véndese

-Tractor EBRO Super 55 funcionando en Figueiras (Mondoñedo) (Lisardo)

☎622 343 498

Véndese

-Segadora Marca CAMON
☎690 77 45 65

Véndese

-Vacas por xubilación. Rubia Galega, mansiñas e con cría, algunhas delas marcadas na CRUGA
☎676 196 243

Véndese

-Venda directa de carne de xato. Canais, medio canal, cuartos, e lotes de 10kg. Gallega Suprema. Servizo a domicilio en calquera punto de Galiza
☎676 196 243

Véndese

-Sala de muxido marca Westfalia de 6 puntos.
-Tanque do frío de 1300 L monofásico e lavado automático
-Cisterna bebedoiro de fibra con bomba de carga
☎690 83 05 41

Véndese ou alúgase

-Véndese ou alúgase con dereito a compra, nave de 1400m2 a 25 km de Santiago. Prezo interesante
☎634 409 255 (Elena)

Véndese

-Tanque de frío de 200 litros
☎662 323 867 (Manuela)

Véndese

-Rotovator marca Masqui de 2,5 mts de ancho con rodillo hidráulico, con barras helicoidales
-Vertedera marca Overum, de tres palas
-Cultivadores de 2,7 mts de ancho
☎650 019 275 (Zona da Limia)

Véndese

-Rotoempacadora class rollant 46
-Segadora rotativa class 2700
-Encintadora alz (Zona de Castroverde)
☎617 65 53 20

Véndese

-30 vacas de leite (por separado)
-Tractor john deere 6330 (Monfero)
☎666 861 530

Véndese

-Fresadora no concello de Tordoia
☎657 365 726

Véndese

-Tractor Pascual con remolque e arado Muras (As Pontes)
☎677 136 104

Véndese ou trócase

- Véndese autocargador ou trócase por maquinaria ou animais
☎689 752 400

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
☎626 686 509 (Zona de Portomarín)

Véndese

-Microsilos de millo (rulos) no concello de Ordes.
☎650 149 217

Véndense

-Dereitos das seguintes rexións:
- Rexión 4: 10,75
- Rexión 18: 0,25
☎659 927 961

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese

-Tractor agrícola (marca LAMBORGHINI). Modelo 1050 VDT (Zona de Allariz)
☎988 44 02 57

Véndese

-Arado de vertedera (marca Ebro de 2 palas)
☎650 019 275

Búscase

-Peón agro-gandeiro para granxa láctea no Concello de Monfero
☎646 878 067

Búscase

-Peón agrícola para granxa de leite en Monfero
☎646 626 492

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese

-50 vacas rubias
-Regálase un mastín de 3 anos
☎610 378 541
(Alberto Vence)

Véndese

-Dereitos
☎659 947 702
(Antonio Doval)

Véndese

- 50 ovellas ecolóxico
(A Limia)
☎686 864 735

Véndese

- Batedor de purín con botella de inclinación
- Sementador de patacas de 2 regos seminovos
- Arrastrador con batería (150€)
☎606 508 189
(Miguel, Láncara)

Véndese

-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510
(José Antonio, Calde)

Véndese

-Estendedor e hilerador de herba seca
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Cargador Marangon de simple eixo.
-Tractor Ebro 160 para colección ou repostos
☎696 818 012

Véndese

-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 553
(Monfero)

Véndese

-Becerras Limousin
☎685 884 257
(Javier, Lugo)

Véndese

-Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese

- Vacas pintas de leite
☎650 107 657

Véndese

-40 rolos de herba seca
☎982 505 755
(Santa Cristina - Cospeito)

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese

-Viño do país branco e tinto.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese

-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Pontearreas)

Véndese

-Coche Peugeot 106
☎648 78 82 01
(Oza - Cesuras)

Véndese

-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Tenreiro Limousin puro para reprodutor
☎606 739 438
(Alejandro)

Véndese

-Autocargador con rodas anchas e tambores grandes. Interesados preguntar por Beatriz Manteiga López (Zona Oza - Cesuras)
☎648 788 201

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir.
Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado)
☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Tractor SAME de 120 cv, con dobre tracción e con turbo. En perfecto estado. Zona Friol
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

- Coche Peugeot 309 do ano 90. ITV até xaneiro do 2025
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Vacas de carne (8 cabezas) por peche da granxa (Monfero)
☎659 418 563

Véndese

-Cargador rotativo da marca Rotomorra por falta de uso. (Antonio).
☎680 385 068 (Ordes)

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

Vacas e novillas por peche de granxa. Zona de Carballido (Lugo, Antonio)
☎616 74 52 24

Véndese

-Véndese carro mesturador arrastrado horizontal Tatomá con fresa de dez metros de 2010. Ideal para unha granxa de 50 vacas a a 70 en muxido.
En bo estado, rodas novas e aceites recen cambiados.
(Jose Ramón)
☎639 683 278

Véndese

-Empacadora pequena marca Class, no Concello de Oza Cesuras.
☎646 753 984 ou 981 196 224 (Mónica)

Véndese

- 50 vacas rubias
- 1 mastín de tres anos. Ben coidado. Búscase persoa responsable.
Zona de Rodeiro
☎610 37 85 41

Véndese

-Grupo halógeno para tractor
-Revolvedor do purín
-Resinsiladora
-Xuntador de herba
-Extendedor de herba (Zona de Meira. Prezo a convir)
☎982 330 623 // 662 471 382

Véndese

-Casa para restaurar con terreo de 3000 m. No concello de Láncara, zona Carballal, prezo negociábel. :
☎606 5081 89 (Miguel)

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
Zona de Portomarín
☎626 686 509

Véndese

-Grade de discos de 16
-Unha desinsiladora (Zona de A Pastoriza)
☎649 310 981

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese

-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese

-Viño do país e barrantes tinto e branco
☎986 68 94 86

Véndese

-Rolos de herba seca en Lugo. (Andrés)

☎646 665 896

Véndese

-60 bolos de silo e 30 de herba seca en Sobrado
☎677 752 829
(José Antonio)

Véndese

-27 tubos de Formigón, seminovos. Diámetro 40.
-Apeiros de tracción animal (babalo) carro, arado e grade, etc.
-Bidón de 1000L aceiro inox de viño, ideal para o mel (seminovo)
-Muxidora de caldeira, co motor.
Zona de Melide
☎651 99 55 03

Véndese

-Cisterna purín Cisca nova galvanizada 5000l compresor 2800l capacidade.
Zona de Melide.
☎604 028 980

Véndese

-Cadeira de cabalo con agarradeiras
-Becerro Limousin (ambos pais con carta)
☎690 774 565

Véndese

-Encintadora de brazo
☎620 576 908
(Monfero)

OUTROS

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia
☎680 926 816
(Pilar)

Alúgase

-4 Fincas de labradío (12ha.)
☎696 818 012
(Baixa de Trazo)

Alúgase

-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanás)

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente



María Osorio López é unha moza gandeira do concello de Becerreá (Lugo), na comarca dos Ancares, onde hai uns anos colleu o relevo da granxa familiar tras a xubilación dos seus pais. Na actualidade conta cun rabaño de arredor de 25 vacas vianesas e 7 de rubia galega. Dende o mes de decembro incorporouse á Executiva Nacional do Sindicato Labrego. "Gústame as vacas, encóntrome contenta con elas", coméntannos María, quen confesa que cando sae a traballar polas mañás faino con ilusión por velas.

“Tomo esta incorporación con ilusión e responsabilidade”

✓ **María, tivemos que atrasar un anaco a entrevista porque tiveches problemas co tractor. Entón ademais de realizar todos os labores precisos para a granxa, ti tamén es a responsábel de manexar o tractor para adecuar o terreo?**

Si, co tractor ando eu normalmente, pero axúdame moito meu pai, no inverno sobre todo, porque o tractor que teño [o da foto] pesa moito. Na miña casa hai tres tractores: o meu, o de meu pai e outro que era do meu avó. O meu merqueino de segunda man o verán pasado.

✓ **Dende finais de decembro formas parte da Executiva Nacional do SLG. Como te sentes ante a nova?**

Estou moi contenta. Penso que é unha responsabilidade importante, tendo en conta o momento no que estamos as labregas e os labregos a nivel xeral, e en concreto o sector ao que eu pertenzo, o da carne. Creo que hai moitos retos por diante e que se poden facer moitas cousas. Por iso, tomo esta incorporación con ilusión e, sobre todo, con responsabilidade e con moitas ganas de axudar.

✓ **Cales son os principais retos á afrontar polo sector?**

Como labregas e labregos a nosa profesión é fundamental no momento actual. Como parte da sociedade temos que abrir o debate do que acontece a nivel climático, que non se está asumindo nin se está poñendo en

riba da mesa como debería. Neste contexto a profesión labrega é fundamental porque é a intermediaria que nos vai conectar coa natureza.

É dicir, somos quen de garantir neste momento a produción de alimentos de maneira eficaz e respectuosa co medio? Isto é o principal, logo dende aquí derívanse moitos outros temas para o sector: pode o planeta soportar a cadea alimentaria tal e como está hoxe formulada? Como queremos producir os alimentos para que as granxas sexan viábeis? Como garantimos un salario digno para a nosa profesión? Como conseguimos relevo xeracional? Son preguntas que hoxe máis que

nunca están abertas. Correspóndenos contestar como labregas, si, pero tamén axudadas polo conxunto da sociedade.

“A profesión labrega é fundamental, é a intermediaria que nos conecta coa natureza”

✓ **O pasado setembro o Sindicato Labrego Galego festexou o seu 50 aniversario nun acto conmemorativo en Encrobas. Ti participaches na palestra da tarde xunto a outras com-**

pañeiras partillando as vosas experiencias como persoas labregas. Que conclusións extraíches da conversa?

Todas as persoas que participaron e que formamos parte do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), e todas as que compartimos a profesión, temos experiencias que contar e moitas ensinanzas que amosar, e temos que estar orgullosas diso porque somos un sector que ten moito que dicir e que aportar. Nesa charla, os compañeiros e as compañeiras achegaron múltiples ideas, pero eu quedei sobre todo coa importancia de coidar o medio ambiente e de estar en consonancia con el.

“Somos un sector que ten moito que dicir e que aportar”



María Osorio López, gandeira do concello de Becerreá (Lugo), na comarca dos Ancares, co tractor que mercou en verán.